

ACTA NÚM. 4 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE 2014.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **nove horas** do día **vinde e oito de febreiro de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.

Dona Cecilia Sierra Rey.

Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.

Dona María Amelia González Brandariz.

Don José Luís García Bello.

Don Juan José de la Fuente Fuentes.

Dona María Castelao Torres.

Don Francisco Javier Noya Iglesias.

Don Adrián Varela Sarandeses.

Dona Rebeca Domínguez Iglesias.

Don Luís Meijide Rodríguez.

Don José María Rosende Rico.

Dona Mar Martín García.

Don Benardino Higinio Rama Seoane.

Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Don Francisco Reyes Santiás.

Don Gonzalo Muiños Sánchez.

Don José A. Baqueiro Canabal.

Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.

Dona Rosario Valledor Puente.

Don Rubén Cela Díaz.

Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira, Dona Marta Alvarez-Santullano Fernández-Trigales.

ORDE DO DÍA:

Punto único: Resolución de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do orzamento e cadro de persoal para o ano 2014.

Cumpriméntase así:

PUNTO ÚNICO: RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL PARA O AÑO 2014.

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 27 de xaneiro de 2014, aprobou inicialmente o orzamento xeral da entidade, do seu organismo autónomo e das sociedades mercantís de capital integramente municipal, así como as bases de execución do orzamento e o cadro de persoal para o ano 2014.

O acordo someteuse á información pública polo prazo de quince días hábiles mediante anuncio inserido no BOP da Coruña do día 29 de xaneiro de 2014.

No indicado prazo presentáronse as seguintes alegacións:

<u>Interesado</u>	<u>Data</u>	<u>Nº Rexistro</u>
VIAQUA GEST.INTEGRAL AGUAS GALICIA	06/02/2014	5.663
CIG-CONCELLO DE SANTIAGO	13/02/2014	7.101
ANTON BARBA PEREIRA (UGT-CONCELLO)	13/02/2014	7.126
CONSELLO COMARCAL ESQUERDA UNIDA	14/02/2014	7.185
Mª DEL PILAR FERREIRO PEREZ (CC.OO)	14/02/2014	7.198
COMITE DE EMPRESA (CONCELLO SANTIAGO)	14/02/2014	7.239
GRUPO MUNICIPAL DO PSOE	14/02/2014	7.356
FRANCISCO REYES SANTIAS	14/02/2014	7.358
ALVARO GONZALEZ ALVAREZ	14/02/2014	7.359
GRUPO MUNICIPAL DO BNG	14/02/2014	7.371
ANTON BARBA PEREIRA (UGT-CONCELLO)	15/02/2014	7.401

Os grupos municipais do PSdeG-PSOE e o do BNG, presentaron tamén alegacións ao orzamento con data 14 de febreiro de 2014 e números de rexistro de entrada, respectivamente 7356 e 7371.

Con data 27 de febreiro de 2014, número de rexistro de entrada 37, o grupo municipal do BNG, presentou unha emenda do seguinte teor:

“EMENDA AO PUNTO ÚNICO DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2014, DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CONVOCADO PARA O VENRES 28 DE FEBREIRO

Rubén Cela Díaz, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte emenda ao punto único da orde do día do Pleno convocado para o venres 28 de febreiro.

Emenda nº 1

Nos Orzamentos Municipais para o ano 2014 os créditos para gastos non aparecen reflectidos coa debida especificación. Segundo o artigo 165.a do Texto refundido da lei de facendas locais establécese que “os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos precisos para atender ao cumprimento das obrigas”. Nese sentido, existen moitas aplicacións orzamentarias baixo o epígrafe “*outros gastos diversos*”, que entendemos que no seu conxunto, incumpre o citado artigo, polo que solicitamos a reelaboración do presente orzamento, facendo desaparecer, ou cando menos, minorando substancialmente as ditas partidas de gastos diversos.

Emenda nº 2

O Orzamento Municipal para o ano 2014 non reflicte os xuros dun crédito por valor de 6 millóns de euros incumprindo deste xeito o Real decreto lei 2/2004 de 5 de marzo, artigo 170.2 apartados b) e c). Estamos ante un desequilibrio orzamentario polo que solicitamos que se orzamenten tamén os xuros do dito crédito.

Emenda nº 3

As Bases de Execución do Orzamento de Santiago de Compostela de 2014 aprobadas inicialmente no Pleno extraordinario do 27 de xaneiro de 2014, o artigo 19.2 di textualmente “*No caso de tratarse de propostas de gasto de contía inferior ou igual a 3000 euros, as mesmas poderán revestir carácter xenérico cando non sexa posible*”

concretar os distintos gastos a realizar no momento de presentación das mesmas. Trala presentación de ditas propostas, a intervención municipal practicará retención de crédito sobre unha ou varias aplicacións de gasto, remitindo documento contable RC ao departamento xestor". Dende o Grupo Municipal do BNG demandamos a supresión deste artigo e de varios apartados que fan referencia a isto nos mesmos termos por considerar que é unha forma de alixeirar os sistemas de control previo.

Emenda nº 4

Entendemos, segundo o artigo 169.5 do Texto refundido da lei de facendas locais e o artigo 54 do Real decreto 200/90 de 20 de abril, que o artigo 24 das bases de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2014 non respecta o lexislado ao non se limitar a adaptar as disposicións xerais na materia, en canto se permite a autorización e disposición de créditos con anterioridade á entrada en vigor dos expedientes modificativos do orzamento e da aprobación do expediente de incorporación de remanentes. En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG propón dotar definitivamente de crédito o orzamento para despois proceder a autorizar e dispoñer gastos facendo as retencións e anotacións contábeis precisas para a garantía desas autorizacións e disposicións fronte a terceiros.

Modificacións puntuais

O Grupo Municipal do BNG propón, unha minoración de diferentes partidas de gasto por importe de 2.436.949,20 euros e un incremento por idéntico importe doutras partidas, tal e como se detalla no Anexo.

Creemos necesario incrementar a partida das subvencións nominativas e consideramos que se deben incluír colectivos independentemente da súa afinidade política para conseguir un trato igualitario. Neste apartado solicitamos, explícitamente, un incremento de 2.000 euros na subvención á Asociación de persoas xordas de Santiago, cantidade coa que sumada á aprobada inicialmente poderían contar cunha persoa intérprete e mellorar a súa comunicación co resto da sociedade.

Outras consideracións

Desde o Grupo Municipal do BNG entendemos que se aprobou inicialmente o Orzamento Municipal do Concello de Santiago para 2014 sen que o seu Capítulo I, de persoal, pasase, como sería preceptivo, pola Mesa de Negociación, polo que consideramos que a aprobación inicial deste orzamento é nula de pleno dereito ao vulnerarse o dereito á negociación colectiva prescindindo unha vez máis o procedemento legal establecido. É por isto que solicitamos que se corrixa estas prácticas por parte do grupo de goberno.

ANEXO. EMENDAS ORZAMENTO

PARTIDAS DIMINUÍDAS

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2014	MINORACIÓN	TOTAL 2014
010 91201 22601	Protocolo. Atencións protocolarias	90.000	45.000	45.000
010 91200 23000	Órganos de goberno. Dietas de cargos electos	5.000	2.500	2.500
010 91200 22602	Órganos de goberno. Difusión	165.000	75.000	90.000
010 91200 22706	Órganos de goberno. Estudos e traballos técnicos	20.000	10.000	10.000
010 91200 22699	Órganos de goberno. Gastos diversos	30.000	20.000	10.000
010 91200 23100	Órganos de goberno. Locomoción de cargos electos	8.000	2.000	6.000
022 34100 22602	Deportes. Publicidade e propropaganda	3.000	3.000	---
022 34100 22706	Deportes. Estudos e traballos técnicos	20.000	10.000	10.000
050 45400 22706	Medio rural. Estudos e traballos técnicos	30.000	20.000	10.000
060 13200 22699	Seguridade. Gastos diversos	14.000	10.000	4.000
031 92000 22699	Adón. Xeral. Gastos diversos	32.200	29.200	3.000
031 92000 15100	Adón. Xeral. Gratificacións	597.249,20	197.249,20	400.000
070 43100 22699	Comercio. Actividades	100.000	50.000	50.000
070 92300 22706	Estatística. Estudos e traballos técnicos	17.195	10.000	7.195
080 33403 22699	CSC. Gastos diversos	255.000	200.000	55.000
050 15100 22699	Urbanismo. Gastos diversos	119.000	110.000	9.000
021 23202 22602	Mocidade. Gastos diversos	60.000	20.000	40.000
020 32300 22699	Educación. Promoción educativa. Gastos diversos	150.000	50.000	100.000
040 33401 22699	Banda música. Gastos diversos	10.000	5.000	5.000
010 43200 22699	Promoción turística. Gastos varios	50.000	40.000	10.000
070 43200 44900	Promoción turística. Sociedades mercantís	1.720.000	720.000	1.000.000
060 44100 22699	Transportes. Gastos diversos	10.000	8.000	2.000
030 93200 22799	Xestión do sistema tributario. Estudos e traballos inspección	320.000	300.000	20.000
030 93200 22706	Xestión do sistema tributario. Estudos e traballos	561.250	500.000	61.250

TOTAL:

2.436.949,20

PARTIDAS AUMENTADAS

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2014	AUMENTO	TOTAL 2014
051 15500 60900	Vías públicas. Infraestruturas obras de investimentos	370.000	330.000	700.000
070 24100 22699	Emprego. Actividades	94.300	405.700	500.000
050 45400 63100	Medio rural. Reparación e mantemento de camiños veciñais	80.116,52	39.883,48	120.000
051 16100 61900	Saneamento e abastecemento de auga. Obras de reposición de infraestuturas	100.000	120.000	220.000
021 33402 22699	Normalización lingüística.	36.300	10.000	46.300

	Actividades e outros gastos diversos			
020 23203 48000	Benestar social. Atencións benéficas e asistenciais	371.877,45	201.365,72	573.243,17
NOVO	Programa de loita contra a pobreza		500.000	
NOVO	Crear o Consello Municipal Cooperación		300.000	
NOVO	Axudas para material escolar		100.000	
NOVO	Bolsas comedor escolar fóra período lectivo		280.000	
NOVO	Bonobús desempregados		150.000	

TOTAL: 2.436.949,20

Pola súa banda, e con data 27 de febreiro de 2014, número de rexistro de entrada 38, o grupo municipal do PSdeG-PSOE, presentou as seguintes emendas ao orzamento municipal de 2014:

“EMENDAS AO ORZAMENTO XERAL DE 2014

Francisco Reyes Santías, con DNI 33245231-L, presenta as emendas seguintes ao orzamento municipal de 2014:

Ao CONCELLO PLENO

Emenda nº 1 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Composte, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Emenda de supresión de gastos inxustificadas superfluos

Supón o axuste de diversas partidas orzamentarias á execución orzamentaria dos últimos anos e a supresión de gastos que non poden considerarse prioritarios neste momento.

010 91201 22601	Alcaldía (protocolo, atencións protocolarias).....	60.000
		(-30.000)
010 91200 22602	Alcaldía (órganos de goberno difusión).....	110.000
		(-55.000)
010 92501 22602	Alcaldía. Información, Comunicación, Difusión.....	100.000
		(-62.000)
030 93100 22602	Política Económica e Fiscal. Publicidade e Propaganda.....	0
		(-6.000)
022 34100 22601	Deportes.O.A.Deportes.Atencións Protocolarias e rep.....	0
		(-3000)

022 34100 22602 O.A. Deportes. Publicidade e propaganda.....	.0
	(-3.000)
022 34100 22706 Deportes.O.A.Deportes.Estudos e traballos técnicos.....	0
	(-20.000)
031 92000 22602 Admón. Xeral. Publicidade e propaganda.....	0
	(-3.000)
030 93200 22799 Xestión do Sistema Tributario.	
Estudos e traballos inspección ingresos.....	140.000
	(-180.000)
040 33401 22706 Cultura.Banda de Música.Estudos e traballos técnicos.....	0
	(-5.000)
050 15100 22706 DUS.Urbanismo.Estudos e traballos técnicos.....	0
	(-415.150)
050 15100 22602 DUS. Urbanismo.Publicidade e Propaganda.....	0
	(-3.000)
050 17100 22602 DUS.Parques e Xardíns.Publicidade e Propaganda.....	0
	(-4.091)
050 17200 22706 DUS: Medio Ambiente. Estudos e Traballos técnicos.....	0
	(-20.000)
050 33601 22706 DUS.Prot.Patr.Casco Hist. Estudos e traballos tec.....	0
	(-30.000)
050 45400 22706 DUS.Medio Rural.Estudos e traballos tec.....	0
	(-30.000)
051 15500 22706 Brigada Vías e Obras.Vías Públicas. Estudos e traballos tec.....	0
	(-10.000)
070 24100 22602 Área Economía.Emprego.Publicidade e Propag.....	0
	(-10.000)

TOTAL: 889.241 euros

PARTIDAS GASTOS DIVERSOS A ELIMINAR:

010 91200 22699 Alcaldía.Órganos de goberno. Gastos diversos.....	0
	(-30.000)
010 91201 22699 Alcaldía. Gastos Varios.....	0
	(-10.000)

020 23201 22699 Servizos Sociais. Emigración, Inmigración. Gastos diversos.....0	(-31.960)
020 32000 22699 S. Sociais. Educación. A.X. Educ. Outros Gastos Diversos.....0	(-4.130)
020 32101 22699 S. Sociais.Educación.Esc.Infan.Xest.Munic. Outros Gastos Diversos.....0	(-300)
030 92001 22699 Facenda.Informática.Gastos Diversos.....0	(1.814,79)
030 93100 22699 Facenda.Política Económica e Fiscal. Gastos Diversos.....0	(-2.000)
031 92000 22699 Réxime Interior e Persoal. Admon.Xeral. Gastos Diversos.....0	(-32.200)
040 33401 22699 Banda de música. Gastos diversos.....0	(-10.000)
050 15100 22699 DUS. Urbanismo Gastos diversos.....0	(-119.000)
050 17100 22699 DUS.Parques e Xardíns. Outros gastos diversos.....0	(-500)
050 31300 22699 DUS.Sanidade.Outros Gastos Diversos.....0	(-13.274,40)
050 33601 22699 DUS.Prot.Patrim.e Casco Hist. Gastos Diversos.....0	(-35.700)
051 15500 22699 Vías e obras. Vías públicas. Outros gastos diversos.....0	(-800)
060 13200 22699 Seguridade e Mob.Segur e Orde Púb.Gastos diversos.....0	(-14.000)
060 13300 22699 Seguridade e Mob.Orde do tráfico. Gastos diversos.....0	(-2.000)
060 13400 22606 Seguridade e Mob. Prot. Civil. Gastos diversos.....0	(-2.000)
060 13500 22699 Seguridade e Mob.Ser.Extinción Incend.Gastos Diversos0	(-2.000)
060 44100 2699 Seguridade e Mob.Transportes.Gastos Diversos.....0	

	(-10.000)
080 33404 22699 Área Participación C .P.Cultural.AAVV.Gastos Diversos.....	0
	(-10.000)

TOTAL PARTIDAS GASTOS DIVERSOS: 331.679,19

ELIMINACIÓN DE PRAZAS ORZAMENTADAS:

Eliminación da praza de director da área de mobilidade e seguridade cidadá.....	0
	(-73.117,54)
Eliminación da praza de director técnico da área de desenvolvemento urbano sostible.....	(62.572,66)

TOTAL BAIXAS: 135.690,2 EUROS

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº 2 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Emenda de incremento de gasto das políticas sociais

Sempre, pero máis en momentos como o actual, hai que poñer de relevo os compromisos, as prioridades políticas. Esta e as seguintes emendas pretenden evidenciar que a prioridade ha ser incrementar o gasto social que, á súa vez, supón xerar emprego en servizos sociais, ultimamente tamén moi castigados polo desemprego, substituíndo o epígrafe “Actividade e outros gastos diversos” por Actividades.

020 23000 22699 Área Servizos Sociais	
Servizos sociais. Actividades.....	150.000
	(+57.797,98)

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº 3 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Emenda de incremento de gasto das políticas de promoción para o emprego

A EPA do último trimestre de 2013 sitúanos en máis de 9.300 veciños e veciñas de Santiago de Compostela que buscan un posto de traballo e non ou atopan, ou que representa un 18,3% de taxa de paro. É necesaria a implantación en Compostela dun Plan Municipal de Emprego efectivo. Ademais, o número de fogares con todos os seus membros activos en paro aumenta como nunca antes e en Compostela este drama estímase que afecta a 4.000 familias en risco de exclusión social. Reactivar a economía e combater o desemprego debe converterse na columna vertebral das políticas e estratexias de acción da administración. O Concello de Santiago debe actuar e buscar fórmulas que incentiven o investimento e xeren postos de traballo.

A situación, por tanto, aconsella unha actuación urxente para recuperar o tecido empresarial, fomentar o autoemprego e ofrecer solucións para os colectivos máis vulnerables e cun acceso máis difícil ao mercado laboral, esta emenda pretende ser outra das prioridades para o noso orzamento alternativo: a formación para o emprego, anulada dos orzamentos presentados polo equipo de goberno e que non pode deixarse de lado. Substituiríase o epígrafe “Actividades” por “Plan de emprego municipal. Actividades”.

070 24100 22699 Área de Economía
 Plan de Emprego.
 Actividades.....961.999,41
 (+867.699,41)

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº 4 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Área Economía. Infraestruturas e obras
 Plan de emprego para recuperación de espazos públicos.....194.528
 (+194.528)

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº 5 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Emenda de incremento de gasto para promoción económica, comercio e turismo.

Existen infinidade de iniciativas da sociedade civil organizada que requiren apoios claros do Concello e que pretenden reforzarse con esta emenda.

070 43100 22699 Área Economía,comercio.Actividades244.528

(+107.528)

AO PLENO DA CORPORACIÓN

Emenda nº 6 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Emenda de incremento do gasto para o desenvolvemento e achega de servizos ó medio rural.

080 45400 63100 Medio Rural. Outros investimentos (pistas)209.057

(+129.057)

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº 7 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Emenda de incorporación do enfoque de xénero á elaboración dos orzamentos do Concello de Santiago.

O orzamento xeral do Concello de Santiago é o instrumento transversal por excelencia para a planificación e xestión de goberno. Supón a concreción da política económica e social, reflectindo as súas prioridades.

A análise dos orzamentos desde o enfoque de xénero é unha estratexia orientada a visibilizar o impacto dos orzamentos en mulleres e homes, co fin de adoptar medidas para promover a igualdade a través dunha planificación máis equitativa do gasto público.

Deste xeito, os programas municipais gañan en eficacia e eficiencia porque repercuten de maneira máis certa nos colectivos aos que se dirixen. Desde o punto de vista orzamentario, os cambios a adoptar son, en maior medida, de orde cualitativa. Non implican necesariamente un aumento do gasto, senón máis ben unha reasignación adecuada dos recursos dispoñibles.

Trátase en definitiva de:

- a) Avanzar no compromiso municipal coa igualdade de mulleres e homes.
- b) Incentivar as medidas de acción positiva para corrixir desequilibrios.
- c) Implementar a transversalidade do enfoque de xénero na planificación político-económica.

A elaboración dos orzamentos réxese, ademais de pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, pola normativa de igualdade que obriga a incorporar a perspectiva de xénero en todas as actividades da intervención pública, incluída a orzamentaria.

A Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, que nos artigos 14 e 15 fai referencia aos criterios de actuación que os poderes públicos deben seguir:

- Art. 14.2 “*La integración del principio de igualdad de trato y de oportunidades en el conjunto de las políticas económicas....*”

- Art. 15 “*El principio de igualdad de trato y de oportunidades entre mujeres y hombres informará con carácter transversal la actuación de todos los poderes públicos. Las Administraciones Públicas lo integrarán, de forma activa, en la adopción y ejecución de sus disposiciones normativas, en la definición y presupuestación de políticas públicas en todos los ámbitos y en el desarrollo del conjunto de todas sus actividades*”.

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº 8 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Omisión de crédito algún para o pago de intereses de demora :

Non consta asignación orzamentaria algunha para o pago de intereses de demora. Non consta ningún antecedente orzamentario nin no ano 2013 nin nos dous anteriores como mínimo que así o poña de manifesto. Omítese a lóxica da existencia de contenciosos en materia expropiatoria e outros que presumiblemente leven aparelado o pago de intereses.

Polo exposto interponse a correspondente emenda ao orzamento, en base aos incumprimentos reflectidos e por **OMISIÓN DE CRÉDITOS NECESARIOS NO ESTADO DE GASTOS PARA ASUNCIÓN DE OBRIGAS ESIXIBLES**

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº 9 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Omisión de crédito para o pago de gastos financeiros do crédito de 6 millóns de euros que se indica no capítulo IX de ingresos do Orzamento 2014:

Non consta asignación orzamentaria algunha para o pago de gastos financeiros relativos á operación de crédito de 6 millóns de euros recollidos no capítulo IX de ingresos do Orzamento de 2014.

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº10 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

O plan de axuste de axuste aprobado polo Concello en data 30 de marzo de 2013, segundo establece o propio Informe económico –financeiro recolle para o exercicio 2014 un decrecemento nas operacións de ingresos por operacións non financeiras do -1,64% e no Capítulo 1 nun 1,61% mentres o Plan de Axuste presentaba para dito Capítulo 1 de Ingresos un medre de 3,75 millóns de euros para o 2014.

O que se nos está poñendo de manifesto é o **INCUMPRIMENTO do Plan de axuste** aprobado polo Pleno da Corporación, no que fai referencia á anualidade 2014.

AO CONCELLO PLENO

Emenda nº11. ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

O artigo 169.5 do texto refundido da Lei de facendas locais establece que o orzamento entrará en vigor unha vez publicado e a normativa para as modificacións de crédito que teñan que ser aprobadas polo Pleno do Concello

As bases de execución do orzamento (base 24) que se pretenden aprobar permiten a autorización e disposición de créditos con anterioridade á entrada en vigor dos expedientes modificativos, do orzamento e da aprobación do expediente de incorporación de remanentes. Todo baixo a figura dunhas autorizacións e disposicións de crédito “condicionadas”.

Esta figura de actos de disposición de gastos “condicionados” só a atopamos recollida na lexislación vixente para certos contratos e en casos específicos e concretos na Lei de contratos das administracións públicas.

A existencia das autorizacións e disposicións de gasto implica anotacións contables dos correspondentes documentos contables, contra un orzamento definitivo VIXENTE non pendente de aprobación e entrada en vigor. Nos remitimos neste senso aos artigos 54 e seguintes do R/D 500 / 90 de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais

Neste senso as bases innovan o establecido na lexislación non só adaptan as disposicións xerais en materia presupostaria á organización, que é o que establece o artigo 165 do texto refundido en materia de facendas locais.

Polo exposto consideramos imprescindible modificar esas bases de execución a fin e efecto de adaptalas a legalidade vixente, entendemos quen en tanto en canto as bases de execución do orzamento forman parte do mesmo, temos lexitimidade ao afirmar que o mesmo, non se adapta na súa elaboración e aprobación ao establecido na lexislación vixente (artigo 170 do texto refundido da lei de facendas locais).”

- Os informes que se emitiron sobre as alegacións presentadas son os que seguen:

* Informe da dirección de área de facenda, orzamentos e informática, do 18 de febreiro de 2014, sobre a alegación presentada por Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, Sau.

* Informe da dirección da área de facenda, orzamentos e informática, do 18 de febreiro de 2014, sobre as alegacións presentadas por:

- Vicente Vázquez Freire, coordinador comarcal de Izquierda Unida, DNI 44827095A.

- Don Alvaro González Alvarez, DNI 44.839181Z.

- Francisco Reyes Santiás, DNI 33245231L.

- Pilar Lueiro García, DNI 33294033S.

* Informe do Director da área de persoal e contratación, do 18 de febreiro de 2014, en relación coa alegación presentada por Dona Pilar Barreiro Pérez, en nome e representación da FSE na comarca de Santiago-Barbanza de CC.OO.

* Informe do Director de área de persoal e contratación, do 18 de febreiro de 2014, sobre a alegación presentada por Don Antón Barba Pereira, en nome e representación da FSP-UGT, no Concello de Santiago de Compostela.

* Informe do Director da área de persoal e contratación do 20 de febreiro de 2014 en relación coa alegación formulada por Don Francisco Javier Ferreiro Campos, en nome e representación do Comité de Empresa do Concello de Santiago.

* Informe do Director da área de persoal e contratación do 20 de febreiro de 2014 en relación coa alegación formulada por Don Antón Barba Pereira, en nome e representación da Sección Sindical da UGT do Concello de Santiago de Compostela.

* Informe do Director da área de persoal e contratación do 20 de febreiro de 2014 en relación coa alegación formulada por Don Francisco Xabier Picón Piccallos, en nome e representación da CIG.

Achegado ao expediente figura tamén un informe da Directora da área de facenda, orzamentos e informática do 17 de febreiro de 2014, relativo ao procedemento e lexislación aplicable.

Figura tamén no expediente un informe do Secretario Xeral do Pleno – Director da Asesoría Xurídica do 29 de maio de 2013 relativo ao concepto de interesado para os efectos de presentar alegacións á aprobación inicial do orzamento.

Finalmente, a concelleira delegada de facenda e administración pública presentou o 20 de febreiro de 2014, a seguinte proposta final de aprobación definitiva do orzamento:

“O Concello - Pleno en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de xaneiro de 2014 prestou aprobación inicial ao Orzamento Xeral desta Entidade, do seu Organismo Autónomo e das Sociedades Mercantís de capital integramente municipal para o actual exercicio do 2014.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da súa publicación, a cal tivo lugar mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 29 de xaneiro de 2014 (BOP nº 19), comezando a súa exposición o día 30 de xaneiro e rematando o prazo da mesma o día 15 de febreiro.

No citado período, e de conformidade coa certificación que se adxunta de data dezanove de febreiro de 2014 emitida polo Sr. Vicesecretario do Concello, foron presentadas polos interesados un total de 12 alegacións e unha emenda, as cales forman parte da documentación que conforma o expediente de Orzamento Xeral para o ano 2014, e que están todas e cada unha de elas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo cos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando deste xeito cumprimento o previsto no artigo 54 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Pública e do Procedemento Administrativo Común.

En consecuencia co anterior, tendo en conta os informes que figuran no expediente referenciado como “Alegacións ao Orzamento 2014”, proponse ó Concello Pleno da Corporación, unha vez que a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior,

Facenda e Especial de Contas, emita o seu preceptivo ditame, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar non admisible, a reclamación presentada polo Grupo Municipal Socialista-PSOE ao Orzamento Xeral, por carecer de lexitimación para presentar reclamacións contra os orzamentos inicialmente aprobados, na fase de exposición ao público dos mesmos, segundo se argumenta no informe de data 29 de maio de 2013 suscrito polo Asesor Xurídico_Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ó expediente.

SEGUNDO.- Declarar non admisible, a alegación presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego ao Orzamento Xeral, por carecer de lexitimación para presentar reclamacións contra os orzamentos inicialmente aprobados, na fase de exposición ao público dos mesmos, segundo se argumenta no informe de data 29 de maio de 2013 suscrito polo Asesor Xurídico_Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ó expediente.

TERCEIRO.- Declarar desestimada, a alegación presentada por VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU por non corresponderse os motivos da alegación con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo se razoa e argumenta en informe de data 18 de febreiro de 2014, Ref: 2/2014, suscrito pola Sra. Directora da Área de Facenda, Orzamentos e Informática e que está incorporado ó expediente.

CUARTO.- Declarar desestimadas, as alegacións presentadas por DON VICENTE VÁZQUEZ FREIRE, COORDINADOR COMARCAL DE ESQUERDA UNIDA (DNI 44827095A), DON ÁLVARO GONZÁLEZ ÁLVAREZ, VECIÑO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (DNI 44839181Z), DON FRANCISCO REYES SANTIÁS, VECIÑO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (DNI 33245231L), e DONA PILAR LUEIRO GARCÍA, VECIÑA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (DNI 33294033S), en calidade de interesados, por non corresponderse os motivos das alegacións con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo se razoa e argumenta en informe de data 19 de febreiro de 2014, Ref: 3/2014, suscrito pola Sra. Directora da Área de Facenda, Orzamentos e Informática e que está incorporado ó expediente.

QUINTO.- Desestimar as alegacións formuladas por Don Francisco Xavier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago, por Dona Pilar Ferreiro Pérez, secretaria xeral da FSC na Comarca de Santiago-Barbanza de CCOO, por Don Antón Barba Pereira, Delegado

Sindical da UGT, Don Francisco Xavier Ferreiro Campos, en calidade de Presidente do Comité de Empresa do Concello de Santiago e por Don Antón Barba Pereira, Delegado Sindical da UXT no Concello de Santiago de Compostela, por non corresponderse os motivos das alegacións con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo se razoa e argumenta nos informes do Sr. Director da Área de Contratación e Persoal.

SEXTO.- Visto o informe xurídico emitido en data 17 de febreiro de 2014 pola Directora da área de Facenda, Orzamentos e Informática, presentar a presente **EMENDA** ao Proxecto de Orzamentos do exercicio 2014 con base nas solicitudes e propostas recibidas das distintas Concellerías co obxecto da súa inclusión no documento que se leva a aprobación definitiva:

CONTIDO DA EMENDA AOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2014:

Preséntase unha única emenda que agrupa as seguintes propostas:

1. En relación co Capítulo I de Persoal, e a consecuencia da entrada en vigor da modificación da RPT con posterioridade a adopción do acordo de aprobación inicial do Proxecto de Orzamento do exercicio 2014, resulta necesario axustar o importe das partidas do Capítulo I que se viron afectadas pola modificación da RPT acordada.

Neste sentido as partidas afectadas por este axuste detállanse no seguinte cadro explicativo:

Orgánica	Programa	Económica	Descripción	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
031	15200	12000	VIVENDA. SOLDOS DO GRUPO A1.	227.614,56	16.342,12	243.956,68
031	15200	12100	VIVENDA. COMPLEMENTO DE DESTINO.	248.425,68	9.988,80	258.414,48
031	15200	12101	VIVENDA. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	684.827,52	29.122,74	713.950,26
031	15200	16000	VIVENDA. SEGURIDADE SOCIAL.	416.801,40	10.359,36	427.160,76
031	17200	12000	MEDIO AMBIENTE. SOLDOS DO GRUPO A1.	32.066,36	146,16	32.212,52
031	17200	12100	MEDIO AMBIENTE.COMPLEMENTO DE DESTINO.	19.231,20	876,96	20.108,16
031	17200	12101	MEDIO AMBIENTE. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	57.316,14	4.380,00	61.696,14
031	33401	13102	BANDA DE MUSICA.RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS P.LABORAL TEMPO	29.861,04	7.580,76	37.441,80
031	33403	13000	CENTROS SOCIOCULTURALS. RETRIBUCIONS BÁSICAS.	224.285,52	230,56	224.516,08
031	33403	13002	CENTROS SOCIOCULTURALS. RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS	262.600,44	4.037,64	266.638,08
031	91200	12000	ORGANOS DE GOBERNO.SOLDOS DO GRUPO A1.	50.844,24	-16.614,82	34.229,42
031	91200	12100	ORGANOS DE GOBERNO. COMPLEMENTO DE DESTINO.	53.286,48	-11.625,00	41.661,48
031	91200	12101	ORGANOS DE GOBERNO. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	141.118,38	-29.122,74	111.995,64
031	91200	16000	ORGANOS DE GOBERNO. SEGURIDADE SOCIAL.	406.577,80	-12.554,28	394.023,52
031	92000	12003	ADMINISTRACIÓN XERAL. SOLDOS DO GRUPO C1.	176.497,00	89,82	176.586,82
031	92000	12100	ADMINISTRACIÓN XERAL. COMPLEMENTO DE DESTINO.	313.957,43	538,92	314.496,35
031	92000	12101	ADMINISTRACIÓN XERAL. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	847.303,22	5.719,44	853.022,66
031	92000	12104	RETRIBUCIONES COMPLEMENTARIAS.ADECUACION POSTOS TRABALLO	70.000,00	-23.910,80	46.089,20
031	92001	12001	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. SOLDOS DO GRUPO A2.	28.489,14	230,56	28.719,70
031	92001	12100	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. COMPLEMENTO DE DESTINO.	51.202,56	1.383,36	52.585,92
031	92001	12101	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	142.320,24	2.800,44	145.120,68
TOTAIS				4.484.626,35	0,00	4.484.626,35

2. Con motivo da implantación do sistema de descentralización administrativa do documento PRE-RC nos diversos centros xestores municipais creados, xurdiu a necesidade de desagregar a nivel de subpartida, porque así o permite a Orde de 20 de setembro de 1989 do Ministerio de Economía e Facenda no relativo ao cadro de contas do Plan Contable Público, certas aplicacións orzamentarias que incluían créditos iniciais de distintos centros xestores.

Neste sentido as partidas afectadas por este axuste detállanse no seguinte cadro explicativo:

Orgánica	Programa	Económica	Descrición	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
030	93100	20200	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ADMON. XERAL. ARRENDAMENTOS	78.911,06	-48.496,38	30.414,68
030	93100	20201	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ADMON. XERAL. ARRENDAMENTOS	0,00	48.496,38	48.496,38
030	93100	22706	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ESTUD.E TRABALLOS TÉCNICOS.MANT.CATASTRO E OUTROS	486.000,00	-150.000,00	336.000,00
030	93100	22799	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. OUTROS TRAB REALIZ. ESTUDIOS ECON FINANCI E AUDITORIAS	0,00	150.000,00	150.000,00
031	92000	22400	ADMÓN.XERAL.PRIMAS DE SEGUROS.	160.000,00	-131.000,00	29.000,00
031	92000	22401	ADMÓN.XERAL. PRIMAS DE SEGUROS. PARQUE MÓBIL	0,00	36.000,00	36.000,00
031	92000	22402	ADMÓN.XERAL.PRIMAS DE SEGUROS. SRC PATRIMONIAL	0,00	80.000,00	80.000,00
031	92000	22403	ADMÓN.XERAL. PRIMAS DE SEGUROS. SEG ACCIDENTES EMPREGADOS MUNICIPAIS	0,00	15.000,00	15.000,00
TOTAIS				724.911,06	0,00	724.911,06

En relación á aplicación orzamentaria cuxa partida económica é a 202 Arrendamentos do programa 93100 Política económica e fiscal, desagregase a nivel de subpartida en 20200, que recolle os créditos iniciais para o exercicio 2014 que dan cobertura aos importes dos alugueiros do centro xestor de Administración Xeral de contratación e servizos, e por outra banda, créase a subpartida económica 20201 que da cobertura aos importes dos alugueiros do centro xestor de Tesouraría.

En relación á aplicación orzamentaria cuxa partida económica é a 22706 Estudos e traballos técnicos do programa 93100 Política económica e fiscal, divide o seu crédito inicial en dúas aplicacións, a propia partida 22706, que recolle os créditos iniciais para o exercicio 2014 que dan cobertura aos importes dos traballos e estudos técnicos do centro xestor de Tesouraría, e por outra banda, créase a partida económica 22799 que da cobertura ás necesidades de crédito do centro xestor da oficina orzamentaria.

En relación á aplicación orzamentaria cuxa partida económica é a 224 Primas de Seguros do programa 92000 Administración Xeral, desagregase a nivel de subpartida en 22400, que diminúe o seu crédito ata o saldo de 29.000 € final que recolle os créditos iniciais para o exercicio 2014 que dan cobertura aos importes de contrato de seguros do centro xestor de Administración Xeral, e por outra banda, créase a subpartida económica 22401 cun crédito inicial de 36.000 € que da cobertura aos importes dos contratos de seguro a xestionar polo centro xestor de Parque Móbil, a subpartida económica 22402 cun crédito inicial de 80.000 € que da cobertura aos importes dos contratos de seguro a xestionar polo centro xestor de Asesoría Xurídica e Secretaría, e a

subpartida económica 22403 cun crédito inicial de 15.000 € que da cobertura aos importes dos contratos de seguro a xestionar polo centro xestor de Persoal.

3. Proposta da Concelleira delegada da Área de Economía de data 13 de febreiro de 2014 na que se solicita, co visto bo do coordinador do Proxecto Urbana, un axuste nos importes consignados nas seguintes aplicacións orzamentarias da área de Economía correspondentes ao Proxecto Urbana Santiago Norte cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional:

Orgánica	Programa	Económica	Descrición	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
070	43300	22706	PROMOCIÓN ECONÓMICA.ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS URBAN	193.785,20	-80.759,34	113.025,86
070	43300	47900	PROMOCIÓN ECONÓMICA. TRANSF CORRENTES.APOIO ACTIVIDADE EMPRESARIAL.P.URBANA SANTI	210.000,00	45.759,34	255.759,34
070	43300	77000	PROMOCIÓN ECONÓMICA. TRANSF DE CAPITAL A EMPRESAS PRIVADAS. P URBANA	0,00	35.000,00	35.000,00
TOTAIS				403.785,20	0,00	403.785,20

Este cambios propostos supoñen a creación da partida orzamentaria 070/43300/77000 cunha dotación inicial de 35.000 €, o que leva a modificación do anexo de investimentos do Orzamento 2014 no senso de incorporar estes novos créditos iniciais relativos a un novo concepto de transferencias de capital.

Ao mesmo tempo, e dado que a transformación de parte do crédito previsto na aprobación inicial do orzamento 2014 tradúcese na creación dunha partida de transferencia de capital por valor de 35.000 euros, esta cambio afecta ao orzamento de ingresos do orzamento municipal no senso de minorar o 80% deste cambio, 28.000 euros, na partida de ingresos do capítulo 4 coa partida económica 49100, aumentado pola mesma cantidade a partida de ingresos do capítulo 7 na partida económica 79100. Estes cambios amósanse no seguinte cadro explicativo:

Económica	Descrición	Previsións Iniciais AI	Emenda	Previsións Iniciais AD
49100	SUBVENCÍONS CORRENTES DO EXTERIOR.FONDOS FEDER.URBAN.	582.251,04	-28.000,00	554.251,04
79100	OUTRAS TRANSFERENCIAS DA UE. URBANA NORTE ANUALIDADE 2014 e PARKATLANTIC	1.056.628,56	28.000,00	1.084.628,56
TOTAIS		1.638.879,60	0,00	1.638.879,60

4. Comunicada á oficina orzamentaria por parte da Concellería de Deportes un erro na aplicación orzamentaria que debería dar cobertura á subvención nominativa da entidade deportiva Obradoiro CAB S.A.D. por tratarse dunha sociedade anónima e non unha

entidade sen fin de lucro, por parte da Concelleira que subscribe a presente emenda propónse a seguinte desagregación da aplicación orzamentaria das subvencións nominativas da Concellería delegada de Deportes:

Orgánica	Programa	Económica	Descrición	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
022	34100	48900	O.A.DEPORTES. TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS	198.000,00	-45.000,00	153.000,00
022	34100	47900	O.A.DEPORTES. TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	0,00	45.000,00	45.000,00
TOTAIS				198.000,00	0,00	198.000,00

Ao mesmo tempo, este erro motiva o cambio na páxina 34 das Bases de Execución do Orzamento no relativo a aplicación orzamentaria que da cobertura ao importe consignado como subvención nominativa da entidade beneficiaria OBRADOIRO CAB S.A.D., que pasaría a ser a 022/34100/47900.

5. Proposta do Concelleiro delegado de Deportes de data 10 de febreiro de 2014 na que se comunica, un cambio na denominación dunha entidade beneficiaria dunha subvención nominativa da súa Concellería, cambio que resultou efectivo con posterioridade á data de aprobación inicial do Orzamento 2014. Este cambio afecta á entidade CLUB TRIATLÓN BRICOSA que pasou a denominarse CLUB TRIATLÓN SANTIAGO. Este nova denominación motiva o cambio na páxina 34 das Bases de Execución do Orzamento 2014 no sentido de poñer como entidade beneficiaria a súa nova denominación de CLUB TRIATLÓN SANTIAGO.

6. Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible de data 10 de febreiro de 2014 na que se solicita o cambio na denominación de dúas aplicacións orzamentarias por entender que resultan máis clarificadoras:

1ª aplicación:

Aplicación inicial: 050/15100/21000 Urbanismo. Mantemento do núcleo urbano.

Aplicación proposta: 050/15100/21000 Urbanismo. Mantemento Termo Municipal.

2ª aplicación:

Aplicación inicial: 050/45400/21000 Medio Rural. Rebacheo, desbroce e limpeza de camiños veciñais.

Aplicación proposta: 050/45400/21000 Medio Rural. Desbroce e limpeza de parcelas, gabias, camiños e pistas.

7. Por parte da Concelleira delegada da área de Servizos Sociais comunicóuseme a necesidade de aumentar a contía de dúas entidades beneficiarias de subvencións

nominativas da súa área. A Concelleira que subscribe a presente emenda resolve admitir estes cambios propostos con base nos seguintes axustes de aplicacións orzamentarias:

Orgánica	Programa	Económica	Descrición	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
020	23203	48000	BENESTAR SOCIAL. ATENCIÓNS BENÉFICAS E ASISTENCIAIS	371.877,45	15.000,00	386.877,45
020	23203	78000	BENESTAR SOCIAL. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A FAMILIAS E ISFL	0,00	17.000,00	17.000,00
030	93100	22799	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. OUTROS TRAB REALIZ. ESTUDIOS ECON FINAN E AUDITORIAS	150.000,00	-27.000,00	123.000,00
022	34100	48900	O.A.DEPORTES. TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS	153.000,00	-5.000,00	148.000,00
TOTAIS				674.877,45	0,00	674.877,45

Os cambios nos importes que afectan, por unha banda, a un aumento dunha subvención nominativa, e pola outra, a creación dunha transferencia de capital, son os seguintes:

1º.- Aumentar en 15.000 € a consignación orzamentaria da subvención nominativa da entidade beneficiaria CENTRO SOCIAL CULTURAL ALBERGUE XOAN XXIII, o que leva a un aumento na contía da aplicación 020/23203/48000 por importe de 15.000 €. Ao mesmo tempo, este cambio leva a unha modificación da páxina 34 das Bases de Execución do Orzamento 2014 consignando como contía da subvención nominativa desta entidade por importe de 55.000 euros.

2º.- Dotar por unha contía de 17.000 € unha transferencia de capital á entidade ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE. ACEM, o que supón a creación dunha nova aplicación orzamentaria 022/23203/78000 coa consignación antes mencionada. Este cambio levará a unha modificación do anexo de investimentos do Orzamento 2014 no senso de incorporar este novo crédito inicial relativo a un novo concepto de transferencias de capital.

3º.- Parte do aumento da contía antes descrita (32.000 euros en total), provén dunha minoración da aplicación orzamentaria 030/93100/22799 anteriormente creada pola presente emenda que se dotaba dun crédito inicial de 150.000 euros e que sofre unha minoración de 27.000 euros polo que o seu saldo final para o orzamento 2014 será de 123.000 euros.

4º.- Parte do aumento da contía antes descrita (32.000 euros en total), provén dunha minoración da aplicación orzamentaria 022/34100/48900 que sofre unha minoración de 5.000 euros polo que o seu saldo final para o orzamento 2014 será de 148.000 euros. Esta minoración que corresponde cos créditos consignados para subvencións nominativas da Concellería de Deportes ten a súa concreción nunha minoración en

5.000 euros da subvención nominativa da entidade beneficiaria CLUB SANTIAGO FUTSAL que finalmente terá unha consignación orzamentaria de 45.000 euros. Esta minoración terá un reflexo na páxina 34 das Bases de Execución do Orzamento no relativo ao importe da subvención nominativa da entidade beneficiaria CLUB SANTIAGO FUTSAL por un importe de 45.000 euros.

8. Proposta da Concelleira delegada da Área de Economía de data 14 de febreiro de 2014 na que se solicita, un axuste nos importes consignados nas seguintes aplicacións orzamentarias do centro xestor de Mercados correspondentes á área de Economía:

Orgánica	Programa	Económica	Descrición	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
070	43101	22002	MERCADOS. MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	20.000,00	-15.000,00	5.000,00
070	43101	22699	MERCADOS.GASTOS DIVERSOS. ACTIVIDADES	0,00	15.000,00	15.000,00
TOTAIS				20.000,00	0,00	20.000,00

9. Corrección do erro detectado nas Bases de Execución do Orzamento 2014, concretamente no artigo 19.4, primeiro parágrafo, no que atinxe a última texto deste parágrafo que di "... xunto cos datos do adxudicatario proposto" por non corresponder neste artigo a inclusión deste texto. Deste xeito, o artigo 19.4 das BEO, primeiro parágrafo quedaría como segue:

“No caso de tratarse de propostas de gasto de contía superior a 18.000,00 euros, ou de 50.000 euros tratándose de obras, os departamentos xestores presentarán propostas de gasto específicas, indicando o número do RC previo en caso de que estea operativa a descentralización da xestión orzamentaria, con inclusión de expediente de contratación cos requisitos que a normativa determine para cada caso, e informe do departamento de contratación.”

Como complemento final a esta emenda achégase un cadro final resumo dos créditos iniciais reflectidos na aprobación inicial do Proxecto de orzamentos 2014, o importe das emendas que afectan a cada unha das aplicacións orzamentarias e que, en total, non leva a variacións cuantitativas no orzamento municipal para o exercicio 2014, e o importe dos créditos iniciais a incorporar no documento que contén a aprobación definitiva do Proxecto de orzamentos para o exercicio 2014:

Org.	Prog.	Econ.	Descrición	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
031	15200	12000	VIVENDA. SOLDOS DO GRUPO A1.	227.614,56	16.342,12	243.956,68

Org.	Prog.	Econ.	Descripción	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
031	15200	12100	VIVENDA. COMPLEMENTO DE DESTINO.	248.425,68	9.988,80	258.414,48
031	15200	12101	VIVENDA. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	684.827,52	29.122,74	713.950,26
031	15200	16000	VIVENDA. SEGURIDADE SOCIAL.	416.801,40	10.359,36	427.160,76
031	17200	12000	MEDIO AMBIENTE. SOLDOS DO GRUPO A1.	32.066,36	146,16	32.212,52
031	17200	12100	MEDIO AMBIENTE.COMPLEMENTO DE DESTINO.	19.231,20	876,96	20.108,16
031	17200	12101	MEDIO AMBIENTE. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	57.316,14	4.380,00	61.696,14
031	33401	13102	BANDA DE MUSICA.RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS P.LABORAL TEMPO	29.861,04	7.580,76	37.441,80
031	33403	13000	CENTROS SOCIOCULTURAI. RETRIBUCIONS BÁSICAS.	224.285,52	230,56	224.516,08
031	33403	13002	CENTROS SOCIOCULTURAI. RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS	262.600,44	4.037,64	266.638,08
031	91200	12000	ORGANOS DE GOBERNO.SOLDOS DO GRUPO A1.	50.844,24	-16.614,82	34.229,42
031	91200	12100	ORGANOS DE GOBERNO. COMPLEMENTO DE DESTINO.	53.286,48	-11.625,00	41.661,48
031	91200	12101	ORGANOS DE GOBERNO. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	141.118,38	-29.122,74	111.995,64
031	91200	16000	ORGANOS DE GOBERNO. SEGURIDADE SOCIAL.	406.577,80	-12.554,28	394.023,52
031	92000	12003	ADMINISTRACIÓN XERAL. SOLDOS DO GRUPO C1.	176.497,00	89,82	176.586,82
031	92000	12100	ADMINISTRACIÓN XERAL. COMPLEMENTO DE DESTINO.	313.957,43	538,92	314.496,35
031	92000	12101	ADMINISTRACIÓN XERAL. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	847.303,22	5.719,44	853.022,66
031	92000	12104	RETRIBUCIONES COMPLEMENTARIAS.ADECUACION POSTOS TRABALLO	70.000,00	-23.910,80	46.089,20

Org.	Prog.	Econ.	Descripción	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
031	92001	12001	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. SOLDOS DO GRUPO A2.	28.489,14	230,56	28.719,70
031	92001	12100	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. COMPLEMENTO DE DESTINO.	51.202,56	1.383,36	52.585,92
031	92001	12101	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	142.320,24	2.800,44	145.120,68
030	93100	20200	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ADMON. XERAL. ARRENDAMENTOS	78.911,06	-48.496,38	30.414,68
030	93100	20201	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ADMON. XERAL. ARRENDAMENTOS	0,00	48.496,38	48.496,38
030	93100	22706	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ESTUD.E TRABALLOS TÉCNICOS.MANT.CATASTRO E OUTROS	486.000,00	-150.000,00	336.000,00
030	93100	22799	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. OUTROS TRAB REALIZ. ESTUDIOS ECON FINANC E AUDITORIAS	0,00	123.000,00	123.000,00
031	92000	22400	ADMÓN.XERAL.PRIMAS DE SEGUROS.	160.000,00	-131.000,00	29.000,00
031	92000	22401	ADMÓN.XERAL. PRIMAS DE SEGUROS. PARQUE MÓBIL	0,00	36.000,00	36.000,00
031	92000	22402	ADMÓN.XERAL.PRIMAS DE SEGUROS. SRC PATRIMONIAL	0,00	80.000,00	80.000,00
031	92000	22403	ADMÓN.XERAL. PRIMAS DE SEGUROS. SEG ACCIDENTES EMPREGADOS MUNICIPAIS	0,00	15.000,00	15.000,00
070	43300	22706	PROMOCIÓN ECONÓMICA.ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS URBAN	193.785,20	-80.759,34	113.025,86
070	43300	47900	PROMOCIÓN ECONÓMICA. TRANSF CORRENTES.APOIO ACTIVIDADE EMPRESARIAL.P.URBANA SANTI	210.000,00	45.759,34	255.759,34
070	43300	77000	PROMOCIÓN ECONÓMICA. TRANSF DE CAPITAL A EMPRESAS PRIVADAS. P URBANA	0,00	35.000,00	35.000,00
022	34100	48900	O.A.DEPORTES. TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS	198.000,00	-50.000,00	148.000,00
022	34100	47900	O.A.DEPORTES. TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	0,00	45.000,00	45.000,00

Org.	Prog.	Econ.	Descrición	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
020	23203	48000	BENESTAR SOCIAL. ATENCIÓNS BENÉFICAS E ASISTENCIAIS	371.877,45	15.000,00	386.877,45
020	23203	78000	BENESTAR SOCIAL. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A FAMILIAS E ISFL	0,00	17.000,00	17.000,00
070	43101	22002	MERCADOS. MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	20.000,00	-15.000,00	5.000,00
070	43101	22699	MERCADOS.GASTOS DIVERSOS. ACTIVIDADES	0,00	15.000,00	15.000,00
TOTAIS				6.203.200,06	0,00	6.203.200,06

SÉTIMO.- Aprobar as bases de execución que serán de aplicación a Entidade Local e o seu Organismo Autónomo.

OITAVO.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

NOVENO.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran.

DÉCIMO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, se remitirá copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial ó que se refire o apartado anterior.

UNDÉCIMO.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma previsto no artigo precitado e surtirá efectos dende o un de xaneiro.

DOCEAVO.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.”

O informe que emitiu o 21 de febreiro de 2014, o Sr. Interventor Xeral de Fondos en relación coa citada proposta, é o que a seguir se transcribe:

“OBXECTO: Informe á emenda e ás propostas de resolución das reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento para o ano 2014.

ANTECEDENTES

Téndose publicado no BOP do día 29 de xaneiro de 2014 (BOP Nº 19), o anuncio de aprobación inicial do Orzamento Xeral Municipal para o exercicio económico do 2014, e unha vez rematado o prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións que establece o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o pasado día 15 de febreiro de 2014, téñense formulado diversas alegacións ós Orzamentos Municipais inicialmente aprobados (12, segundo o certificado do Sr. Vicesecretario de 19 de febreiro de 2014), que son informadas por Dona Carmen Gómez Otero, en calidade de Directora da Área de Facenda, Orzamentos e Informática, e por Don Néstor Valcárcel Teijeiro, en calidade de Director da área de Persoal e Contratación.

Á vista do anterior, fórmulase pola Concelleira de Facenda a proposta final de aprobación definitiva do orzamento, cuxo contido é desestimar, unhas, e inadmitir outras, en relación as alegacións presentadas e presentar unha emenda para a súa aprobación, de xeito que se modificaría parcialmente o estado de gastos e de ingresos.

Reprodúcese aquí as partidas cuxa modificación propón a emenda:

Org.	Prog.	Econ.	Descrición	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
031	15200	12000	VIVENDA. SOLDOS DO GRUPO A1.	227.614,56	16.342,12	243.956,68
031	15200	12100	VIVENDA. COMPLEMENTO DE DESTINO.	248.425,68	9.988,80	258.414,48
031	15200	12101	VIVENDA. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	684.827,52	29.122,74	713.950,26
031	15200	16000	VIVENDA. SEGURIDADE SOCIAL.	416.801,40	10.359,36	427.160,76
031	17200	12000	MEDIO AMBIENTE. SOLDOS DO GRUPO A1.	32.066,36	146,16	32.212,52
031	17200	12100	MEDIO AMBIENTE. COMPLEMENTO DE DESTINO.	19.231,20	876,96	20.108,16
031	17200	12101	MEDIO AMBIENTE. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	57.316,14	4.380,00	61.696,14
031	33401	13102	BANDA DE MUSICA.RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS P.LABORAL	29.861,04	7.580,76	37.441,80

Org.	Prog.	Econ.	Descrição	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
			TEMPO			
031	33403	13000	CENTROS SOCIOCULTURAIS. RETRIBUCIONS BÁSICAS.	224.285,52	230,56	224.516,08
031	33403	13002	CENTROS SOCIOCULTURAIS. RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS	262.600,44	4.037,64	266.638,08
031	91200	12000	ORGANOS DE GOBERNO.SOLDOS DO GRUPO A1.	50.844,24	-16.614,82	34.229,42
031	91200	12100	ORGANOS DE GOBERNO. COMPLEMENTO DE DESTINO.	53.286,48	-11.625,00	41.661,48
031	91200	12101	ORGANOS DE GOBERNO. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	141.118,38	-29.122,74	111.995,64
031	91200	16000	ORGANOS DE GOBERNO. SEGURIDADE SOCIAL.	406.577,80	-12.554,28	394.023,52
031	92000	12003	ADMINISTRACIÓN XERAL. SOLDOS DO GRUPO C1.	176.497,00	89,82	176.586,82
031	92000	12100	ADMINISTRACIÓN XERAL. COMPLEMENTO DE DESTINO.	313.957,43	538,92	314.496,35
031	92000	12101	ADMINISTRACIÓN XERAL. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	847.303,22	5.719,44	853.022,66
031	92000	12104	RETRIBUCIONES COMPLEMENTARIAS. ADECUACION POSTOS TRABALLO	70.000,00	-23.910,80	46.089,20
031	92001	12001	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. SOLDOS DO GRUPO A2.	28.489,14	230,56	28.719,70
031	92001	12100	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. COMPLEMENTO DE DESTINO.	51.202,56	1.383,36	52.585,92
031	92001	12101	INFORMATICA E REFORMA ADMTVA. COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	142.320,24	2.800,44	145.120,68
030	93100	20200	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ADMON. XERAL. ARRENDAMENTOS	78.911,06	-48.496,38	30.414,68
030	93100	20201	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ADMON. XERAL. ARRENDAMENTOS	0,00	48.496,38	48.496,38
030	93100	22706	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ESTUD.E TRABALLOS TÉCNICOS.MANT.CATASTRO E OUTROS	486.000,00	-150.000,00	336.000,00
030	93100	22799	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. OUTROS TRAB REALIZ.	0,00	123.000,00	123.000,00

Org.	Prog.	Econ.	Descripción	Créditos Iniciais AI	Emenda	Créditos Iniciais AD
			ESTUDIOS ECON FINANCIERAS E AUDITORIAS			
031	92000	22400	ADMÓN.XERAL.PRIMAS DE SEGUROS.	160.000,00	-131.000,00	29.000,00
031	92000	22401	ADMÓN.XERAL. PRIMAS DE SEGUROS. PARQUE MÓBIL	0,00	36.000,00	36.000,00
031	92000	22402	ADMÓN.XERAL.PRIMAS DE SEGUROS. SRC PATRIMONIAL	0,00	80.000,00	80.000,00
031	92000	22403	ADMÓN.XERAL. PRIMAS DE SEGUROS. SEG ACCIDENTES EMPREGADOS MUNICIPAIS	0,00	15.000,00	15.000,00
070	43300	22706	PROMOCIÓN ECONÓMICA.ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS URBAN	178.785,20	-80.759,34	98.025,86
070	43300	47900	PROMOCIÓN ECONÓMICA. TRANSF CORRENTES.APOIO ACTIVIDADE EMPRESARIAL.P.URBANA SANTIAGO	210.000,00	45.759,34	255.759,34
070	43300	77000	PROMOCIÓN ECONÓMICA. TRANSF DE CAPITAL A EMPRESAS PRIVADAS. P URBANA	0,00	35.000,00	35.000,00
022	34100	48900	O.A.DEPORTES. TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS	198.000,00	-50.000,00	148.000,00
022	34100	47900	O.A.DEPORTES. TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	0,00	45.000,00	45.000,00
020	23203	48000	BENESTAR SOCIAL. ATENCIÓNS BENÉFICAS E ASISTENCIAIS	371.877,45	15.000,00	386.877,45
020	23203	78000	BENESTAR SOCIAL. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A FAMILIAS E ISFL	0,00	17.000,00	17.000,00
070	43101	22002	MERCADOS. MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	20.000,00	-15.000,00	5.000,00
070	43101	22699	MERCADOS.GASTOS DIVERSOS. ACTIVIDADES	0,00	15.000,00	15.000,00
TOTAIS				6.188.200,06	0,00	6.188.200,06

CONSIDERACIÓNS

1. SOBRE A EMENDA DE MODIFICACION DA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO.

1.1. Aspectos formais.

Remítome e subscribo o correctísimo informe 1/2014 da Directora da área de Facenda, que remite aos artigos 97.5 do ROF e 73.2 do Regulamento Orgánico deste Concello onde regúlanse o procedemento para tramitar, debater e aprobar as emendas.

1.2. Aspectos substantivos.

As emendas presentadas ao estado de gastos e ingresos non alteran cuantitativamente o seu importe, pois os incrementos son compensados polas diminucións noutras partidas, como pode verificarse facilmente no sumatorio total.

Por outra banda, as modificacións refírense todas elas a gastos non financeiros, é dicir, gastos dos capítulos 1 ao 7.

O que se di para xustificar que estas modificacións cualitativas non afectan ao informe de estabilidade nin á regra do gasto, evacuados co motivo da aprobación inicial do orzamento, polo que se informa favorablemente a proposta.

Asemade, infórmase favorablemente as modificacións que se indican na emenda e que afectan as bases de execución, referidas aos cambios na relación de subvencións nominativas e as modificacións do anexo de investimentos do orzamento 2014.

2. SOBRE A PROPOSTA DE INADMISIÓN DAS ALEGACIONES.

A xustificación xurídica da inadmisión contense no informe do Asesor xurídico – Secretario xeral do Pleno de 29 de maio de 2013, polo que esta intervención non ten mais que engadir.

3. SOBRE AS PROPOSTAS DE DESETIMACIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS POR:

Don Vicente Vázquez Freire, Coordinador Comarcal de Esquerda Unida (DNI 44827095A).

Don Álvaro González Álvarez, veciño de Santiago de Compostela (DNI 44839181Z).

Don Francisco Reyes Santiás, veciño de Santiago de Compostela (DNI 33245231L).

Dona Pilar Lueiro García, veciña de Santiago de Compostela (DNI 33294033S).

Infórmase pola Directora de Área de Facenda que os alegantes cumpren os requisitos de lexitimación, aínda que as alegacións presentadas non cumpren os requisitos taxados,

esixidos ao respecto no artigo 170.2¹ do TRLFL, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o que se verifica por esta Intervención, sendo todas elas propostas de emenda ou modificacións dos créditos inicialmente aprobados, ou das bases de execución.

Interesa destacar, polas dúbidas que ten xerado, que a alegación á omisión de crédito para tender os xuros da operación proxectada non ten en conta, como di o mencionado informe da Directora de área, “que a previsión é formaliza-lo contrato de préstamo no primeiro cuatrimestre do ano, na modalidade dunha póliza de crédito (sólo se devengan xuros polo capital disposto), e non dispoñelo ata o 30 de decembro. Deste xeito os xuros se devengarían no exercicio 2015, orzamentándose nese exercicio”.

4. PROPOSTAS DE DESESTIMACIÓN DE VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU.

Visto o extenso e detallado informe 2/2014 da Directora da área de Facenda, e o informe do Concello de Contas de 19 de xullo de 2006, conclúese, por una banda, que a reclamación na que se funda a pretendida falta de crédito para atender os compromisos carece de fundamento, xa que xera moitas dúbidas que a empresa concesionaria, que agora alega, poda esixir o incremento do IPC que reclama, polas consideración que minuciosoamente vertense no informe do Consello, e que se resumen de seguido:

Falta de estudio económico que acredite un desequilibrio económico que xustifique o pretendido incremento retributivo.

O cambio da fórmula de revisión do prezo co motivo da prórroga do contrato con data 1 de agosto de 1998 supón unha nulidade de pleno dereito, pois trátase dunha alteración esencial do contrato que vulnera palmariamente os principios de publicidade, concorrencia e igualdade da contratación administrativa, como ten recoñecida abundante xurisprudencia e doutrina da Xunta Consultiva de Contratación (Informes 59/2000, de 5 de marzo; 59/2003, de 7 de xuño de 2004).

¹ a) Por non terse axustado a elaboración e aprobación do orzamento os trámites establecidos na propia Lei das Facendas Locais.

b) Por omisión do crédito necesario para dar cumprimento ás obrigas esixibles a entidade local en virtude de precepto legal o de calquer outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación os gastos orzamentarios ou ben de esos respecto das necesidades para as que esté previsto.

Todo o anterior sen prexuízo da nulidade da mencionada prórroga do contrato, se non estaba prevista no mesmo, sendo o prazo tamén un elemento esencial non modificable pola vontade das partes, e do obxecto mesmo daquela modificación pois tratábase, segundo o informe do Consello de Contas, materialmente dunha operación de endebedamento, axena ao obxecto do contrato inicial e do obxecto social do concesionario, de xeito que eludíanse os controis previstos para as operacións de endebedamento, a pesares dos informes favorables dos funcionarios competentes para o seu informe, todo elo segundo, repito, o mencionado informe do Consello de Contas, motivo polo cal deberá incoarse o correspondente expediente para repoñer a legalidade da contratación, como conclúe o informe da Directora de área.

Polo anterior, a conclusión non pode ser outra que desestimar, radicalmente, a alegación de incremento de crédito para atender a pretendida subida do IPC.

5. PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS POR:

Don Francisco Xavier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago.

Dona Pilar Ferreiro Pérez, secretaria xeral da FSC na Comarca de Santiago-Barbanza de CCOO.

Don Antón Barba Pereira, Delegado Sindical da UGT, Don Francisco Xavier Ferreiro Campos, en calidade de Presidente do Comité de Empresa do Concello de Santiago. Don Antón Barba Pereira, Delegado Sindical da UXT no Concello de Santiago de Compostela,

Estas alegacións veñen informadas polo Director da Área de Contratación e Persoal, coincidendo practicamente as alegacións e, en consecuencia, os informes motivando a súa desestimación.

En canto a alegación da omisión da preceptiva falta de negociación previa, que si sería un suposto taxado de alegación, negar a afirmación, pois non responde á realidade dos feitos, segundo informe do mencionado Director de área, e segundo ten informado esta intervención no informe á aprobación inicial do orzamento e, posteriormente, no informe de 11 de febreiro de 2014. En todo caso, o 14 de febreiro deste ano celebrouse una mesa cuxo punto era o Orzamento para 2014, co obxecto da maior “transparencia e participación”, xa que o requisito legal de negociar as condicións de traballo afectadas polo orzamento cumpriuse en Mesas anteriores.

En relación á pretendida falta de consignación da partida de acción social, ademais dos fundamentos que acertadamente expón o Director de Área, debe lembrarse a limitación ao incremento da masa salarial das sucesivas Leis anuais de Presupostos do Estado, da que non é unha excepción a Lei 22/2013, de 23 de decembro, para 2014, que dispón un incremento cero, debendo experimentar a oportuna adecuación os acordos, convenios o pactos que impliquen crecementos retributivos superiores devenendo inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento (art. 20).

No que se refire á pretensión de consignar os incentivos de xubilación, xa ten informado esta intervención a nulidade radical deste acordo, por tratarse dunha retribución non prevista na normativa da función pública, xa desde a Lei 30/1984, de medidas urxentes para a reforma da función pública, nulidade que determina, ademais, que non teña que someterse a negociación, porque non poden negociarse propostas que vulneren o ordenamento xurídico.

Indícase, á vista das alegacións, que a data para presentar a liquidación do orzamento do exercicio pechado é o 1 de marzo de cada ano.

CONCLUSIONES:

Infórmase favorablemente a proposta de emenda do orzamento aprobado inicialmente, asemade as propostas de inadmisión por falta de lexitimación, e de desestimación das alegacións presentadas, por non atoparse nos supostos taxados do artigo 170.2 do TRLFL.”

Dona Cecilia Sierra expón que a presente sesión plenaria ten por obxecto a aprobación definitiva do proxecto de orzamentos para o exercicio 2014.

Informa que se presentaron doce alegacións e tres emendas ao proxecto de orzamentos, aprobado inicialmente na sesión plenaria que tivo lugar o día 27 de xaneiro.

Indica que se desglosan as alegacións e emendas en catro apartados. O primeiro son dúas alegacións dos grupos políticos PSOE e BNG que se declaran non admisibles ao carecer estes de lexitimidade para presentar alegacións contra os orzamentos aprobados inicialmente.

O segundo apartado desglósase en dez alegacións presentadas por:

Don Enrique Font Martínez, en nome de VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL AGUAS GALICIA; Don Vicente Vázquez Freire, coordinador comarcal de Esquera Unida; Don Álvaro González Álvarez; Don Fransico Reyes Santiás; Dona Pilar Lueiro García; Don Francisco Xabier Picón Picallos en representación da CIG; Dona Pilar Ferreiro Pérez en representación de CC.OO; dúas alegacións presentadas por Don Antón Barba Pereira en

representación da UGT e Don Francisco Xabier Ferreiro Campos en calidade de presidente do Comité de empresa do Concello de Santiago.

Estas alegacións desestímense en base aos informes xurídicos emitidos polas Direccións de área de servizos económicos e de persoal, en función do motivo de cada alegación.

Nun terceiro apartado, contemplanse dúas emendas presentadas polo grupo do PSOE e o grupo do BNG, que se debaterán hoxe, das que anticipa que o seu grupo votará en contra.

Por último existe unha emenda presentada polo grupo do Partido Popular, que fai referencia a cuestións de matiz plantexadas por distintos concelleiros, pero que na súa totalidade non afecta ao montante global de gastos e ingresos do orzamento.

Alude a que o que hoxe se trae ao pleno para a súa aprobación definitiva, non deixa de ser o resultado dun esforzo levado a cabo polo equipo de goberno dende que entrou a gobernar en 2011, herdando unha situación económica case de quebra. Unha débeda financeira de 70 millóns de euros para financiar investimentos, que non se tiñan realizado, sendo a débeda por habitante de 736,16 euros. Unha cifra pendente de pago a provedores de máis de vinte millóns de euros. Uns gastos fixos de mantemento de servizos básicos de 36 millóns, entre os que non se tiñan orzamentado, por exemplo, a xestión do túnel do Hórreo.

Un gasto en persoal de máis de trinta millóns de euros, incluíndo interinos por máis de dous millóns e prazas por sentenza por case trescentos mil euros, ao que se engaden, dous millóns e medio de euros sen orzamentar. Un catastrazo sen pasar nin polo pleno, nin pola xunta de goberno, pasando a duplicarse o valor de solo urbano en pleno estalido da burbulla inmobiliaria.

En remanente líquido de tesourería negativo 2,6 millóns de euros; en estabilidade orzamentaria, un período medio de pago de 140 días e de cobro de 110. Ratios de solvencia e de autonomía que ían a menos, chegando a alcanzar mínimos históricos no ano 2010, e planos de saneamento financeiro que se incumplían sistemáticamente polo afán desmedido de gastar por gastar. Finalmente alude a unha acta de arqueo por catro millóns de euros para facer fronte a todo isto.

O orzamento de 2012 foi un orzamento realista e en base cero, e os resultados da liquidación dese ano, responden ao obxectivo marcado de manter unha senda de sostibilidade económica. Así, a liquidación de 2012, arroxou datos como un remanente positivo de 1,9 millóns. Seguiron en estabilidade, a débeda con provedores diminúe en 14 millóns, situándose en mínimos históricos. O volume de endebedamento financeiro segue por debaixo do máximo legal establecido. E os ratios de solvencia e de autonomía

melloraron alcanzando máximos históricos.

Considerando o anterior, o orzamento que hoxe traen a aprobación definitiva cumpre con todos os parámetros técnicos: estabilidade orzamentaria, cumprimento do teito de gasto, e senda de amortización de endebedamento apropiada.

Baixo este punto de partida, di que se poden establecer seis eixos de actuación no orzamento, e dezasete obxectivos moi claros que marcarán a política económica ao largo de 2014.

O primeiro eixo: apoio decidido a todos os sectores implicados na promoción local, nacional e internacional do concello. Neste sentido prodúcese un incremento de case un 43% con respecto á partida presupostada no ano 2013. Este eixo plásmase a través de tres obxectivos: a promoción do turismo, a promoción da actividade comercial e a promoción da actividade empresarial.

O eixo dous, consiste na continuación das políticas de carácter investidor. Neste sentido prodúcese un incremento de un case 28%. Este eixo desglósase en dúas liñas de actuación que marcan os obxectivos estratéxicos neste apartado. Primeiro, o fomento do investimento. Segundo, un programa intensivo de mantemento, que non só afecta ao capítulo VI, senón que tamén afecta ao capítulo II.

O eixo tres consiste no fomento do emprego nun momento tan delicado como o presente. Neste sentido prodúcese unha avaliación dun 73,5%. Dito eixo de actuación plásmase en dous obxectivos estratéxicos: por unha parte, o obxectivo dun millón de euros para emprego. Por primeira vez sobrepásase o millón de euros en emprego. Por outra parte, facilidade e mellora das condicións de empregabilidade, baixo os distintos programas establecidos ao respecto.

O eixo catro consiste na sostibilidade do gasto social, dos servizos públicos básicos e da calidade de vida ao longo das distintas etapas. Neste sentido, contemplan catro obxectivos de actuación. En primeiro lugar, un obxectivo de emerxencia social. En segundo lugar, un obxectivo de mantemento e garantía dos servizos públicos básicos. En terceiro lugar, un obxectivo de servizos que garanten a cohesión social para sectores concretos máis desfavorecidos. E, en cuarto lugar, un obxectivo que marca un incremento nas partidas relativas a calidade de vida e ocio, sobre todo, con respecto a deportes e xuventude.

O eixo cinco consiste na mellora da eficiencia da administración como plataforma e garantía dun servizo transparente aos cidadáns. Con respecto a este eixo contemplan unha variación dun 79%. Plásmase en tres obxectivos distintos:

En primeiro lugar, unha modernización interna. En segundo lugar, unha modernización cara ao exterior, inclinada cara á posta en coñecemento da cidadanía de todos os procedementos e procesos, e por outra parte, a intervención cos propios cidadáns. Refírese a seguir ao proxecto SMART, é dicir, á cidade do futuro no presente.

Por último o eixo seis de actuación sería unha política fiscal equitativa. Neste sentido, con respecto aos capítulos I a III de ingresos, prodúcese unha diminución do 3,4%. Plásmase en tres obxectivos:

En primeiro lugar, a mellora da xestión tributaria. En segundo lugar, unha equidade fiscal, relativa a combater a morosidade no concello. En terceiro lugar, a baixada e conxelación dos impostos, taxas, e prezos públicos en concordancia co que levan a facer dende que entraron a gobernar, pero neste caso, aínda en maior medida, ao reducir o tipo impositivo do IBI, do 0,60% ao 0,57%.

Don Rubén Cela amosa a total disconformidade do seu grupo co criterio seguido para desestimar todas as alegacións formuladas ao orzamento municipal para Santiago para o exercicio 2014. Non é normal, nin é de recibo, que se desestimen todas as alegacións, agás casualmente, as modificacións formuladas polo propio grupo de goberno.

Unha vez máis, e xa son demasiadas, ven o pouco talante democrático deste goberno, ao rexeitar todas as alegacións propostas, tanto as que procedentes dos grupos políticos, sexa BNG ou partido socialista, as das centrais sindicais, CIG, CCOO, UGT, Comité de Empresa, como as de empresas, ou de veciños particulares.

Todas desestimadas por unha suposta cuestión de forma, amparándose nunha lectura diferente á que se veu facendo ata o de agora neste concello, e nunha infinidade de concellos, do artigo 170 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Refírese a que o Partido Popular, indirectamente, a través desta vía ten plantexado na oposición alegacións aos orzamentos exactamente co mesmo formato, e nunca foron desestimadas por cuestións de forma.

As alegacións, hoxe reconvertidas en emenda, presentadas polo BNG aos orzamentos pretenden reconducir as contas municipais para o 2014, fundamentalmente en dúas direccións:

En primeiro lugar, corrixindo todas aquelas cuestións que entendían non axustadas a dereito, ou que incumplían principios contables básicos.

En segundo lugar, modificando as partidas de gasto de cara a reorientar na medida do posible, as prioridades que deberá ter o goberno municipal para o ano 2014. En

concreto, mediante incrementos nas partidas de gastos sociais, creación de emprego e na mellora de vías urbanas e de camiños rurais, entre outras infraestruturas.

Dende unha perspectiva de técnica orzamentaria, o BNG plantexou fundamentalmente catro cousas. A primeira delas, tiña que ver cos xuros do suposto crédito de seis millóns de euros que contempla a proposta de orzamentos. Nese caso foi onde levaron a maior das sorpresas. Plantexaron unha alegación, porque este orzamento recollía un ingreso de seis millóns de euros en concepto dun crédito, pero non contemplaba os gastos financeiros asociados ao mesmo, e eles entendían que o orzamento estaba desequilibrado, cando menos nesa contía. Di que o que lles contestan non deixa de ser sorprendente.

Non se orzamentan os xuros porque non se executará ese préstamo ata o día 30 de decembro de 2014. É dicir, orzamentan para este ano seis millóns que non van a ter e no caso de que os teñan, non será ata o 30 de decembro, cando xa están pechados os gastos posibles para ese ano. En resumidas contas opina que todo o orzamento é unha grañidísima mentira. Hoxe ratifican xa que non vai haber ese crédito, e polo tanto, as contas son moi claras. Venderon un orzamento de cen millóns, pero hoxe xa saben que serán 94 millóns.

Hai un capítulo VI de investimentos reais absolutamente irreal, cuantificado en 9,9 millóns de euros, onde máis do 60% desa partida depende dun crédito bancario, que saben que non vai existir. Polo tanto, neste capítulo só están garantidos neste intre, 3,9 millóns de euros, cantidade que non é precisamente moi expansiva, nin dinamizadora. Cómpre ter en conta que o capítulo IV de transferencias correntes estaba inflado con outra trampa contable. Nese capítulo que cifran en 31,8 millóns de euros, fan algo que non fixeron por un criterio de prudencia no exercicio anterior: inclúen a achega do Estado por compensación do IAE.

En consecuencia é falso que as transferencias correntes aumenten 2,8 millóns de euros, porque deses 2,8 millóns de euros, 2,5 proceden da compensación do IAE que antes non se prevía nos orzamentos iniciais. Non é certo, pois, que nese capítulo vaian a ter tamén case tres millóns de ingresos máis que no exercicio pasado. Neste sentido preguntalle á señora Sierra onde está o carácter expansivo e o suposto signo dinamizador con respecto aos orzamentos de 2013.

Con respecto ao persoal, entenden que o orzamento proposto non se axustou na súa elaboración e na súa aprobación aos trámites establecidos na lexislación vixente, en concreto, no artigo 170.2.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, posto que o anexo de persoal, que se inclúe no mesmo é consecuencia do cadro de persoal, do que non consta previa negociación cos representantes dos traballadores, como así denunciaron xa no anterior pleno de aprobación inicial, e como así teñen denunciado

reiteradamente os representantes dos/as traballadores/as deste concello.

Dende o seu punto de vista, este orzamento non presenta os créditos para gastos coa debida especificación, tal e como se marca no artigo 165 letra a) do Texto Refundido antes citado, que establece que o estado de gastos debe incluír coa debida especificación os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas. Nese sentido, entende que a multitude de aplicacións orzamentarias que inclúen no orzamento como outros gastos diversos, que non son precisamente nin unha, nin dúas, nin tres, nin catro, entra en contradición directa co que establece a normativa a respecto da estrutura orzamentaria, en concreto, da necesaria e debida especificación dos créditos. Polo tanto, reclaman unha reelaboración do orzamento facendo desaparecer, ou cando menos, reducir notoriamente, as partidas para gastos diversos non especificados.

Por último, con respecto ás bases de execución, entenden que as bases deste orzamento non se axustan á legalidade en varios dos seus puntos. O artigo 165 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establece que o orzamento incluírá as bases de execución que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaría á organización e circunstancias da propia entidade, sen que poidan modificar o lexislado.

Opinan que existen bases de execución que non se limitan a adaptar as disposicións xerais na materia, senón que non respectan o lexislado. Isto é así en canto permiten a autorización e disposición de créditos con anterioridade á entrada en vigor dos expedientes modificativos do orzamento e da aprobación do expediente de incorporación de remanentes.

A este respecto a lexislación explícita que a tramitación dos expedientes modificativos que requiren aprobación plenaria, será a mesma que a establecida polo orzamento. É dicir, primeiro, débese dotar definitivamente de crédito ao orzamento, para despois proceder a autorizar e dispoñer gastos, facendo as retencións e anotacións contables precisas para garantir esas autorizacións e disposicións fronte a terceiros.

Sobre as modificacións puntuais, o seu grupo propón a redución de vinte e catro partidas de gasto e a creación de cinco partidas novas. As partidas que propoñen reducir son fundamentalmente as relativas á propaganda e publicidade, protocolo, axudas de custo, estudos e gastos diversos.

Por outra banda, propoñen o aumento das partidas destinadas a vías públicas, infraestruturas e obras de investimento, de 370 mil a 700 mil euros, porque entenden que o estado do viario de Santiago debe de ser unha das prioridades para o 2014.

No capítulo de emprego propoñen subir a partida de actividades de 94 mil ata medio millón de euros; e medio rural, no relativo á reparación e mantemento de camiños

rurais, saneamento e abastecemento, duplicar a partida de 100 a 220 mil euros. En benestar social: atencións benéficas e asistenciais, pasar de 370 mil a 573 mil euros.

En canto ás actuacións novas propoñen un programa urxente de loita contra a pobreza orzamentado en medio millón de euros.

Axudas para material escolar, para familias necesitadas, polo importe de 100 mil euros. Bolsas de comedor escolar no período non lectivo para familias con dificultades económicas, por valor de 280 mil euros; bonobús para persoas desempregadas, por importe de 150 mil euros.

Sinala que a creación dun consello municipal de cooperación que tería como finalidade a coordinación da axuda realizada por diferentes ONGs ás actuacións municipais, por importe de 300.000 euros.

En definitiva, as partidas de axuda contra a emerxencia social, supoñen na súa proposta un incremento dun millón e medio de euros, porque este é o ámbito prioritario no que hai que actuar en 2014, xa que hai máis de vinte e dúas mil persoas en situación de risco de exclusión social en Santiago, das que máis de 4000 sofren pobreza extrema.

Propoñen ademais, subir a cantidade asignada a creación de emprego e aos investimentos produtivos que terían maior retorno para a cidade, como a reparación das vías e das beirarrúas, que ademais de xerar postos de traballo é imprescindible e urxente.

Logo de tres anos de goberno do Partido Popular, a suciedade, o deterioro da vía pública e o sinalización, tanto vertical como horizontal, presentan un estado que require unha actuación contundente e fai necesario recuperar servizos extraordinarios. Di que a situación de pasos de peóns, iluminación nocturna, deterioro do mobiliario urbano, beirarrúas, camiños rurais, vixilancia de espazos públicos, devalúan a imaxe da cidade, ao tempo que en moitos casos, poñen en risco a seguridade cidadá. Por iso referíase na sesión de aprobación inicial aos orzamentos como un bluf.

Alude a que coa súa habitual prepotencia, desestiman todas aquelas aportacións que poderían axudar a reorientar minimamente, unhas contas trampa, fraudulentas, e absolutamente inservibles para atender ás principais necesidades actuais de Santiago.

Don Francisco Reyes Santiás manifesta a súa disconformidade co criterio restritivo adoptado por este goberno, para evitar a participación da veciñanza na elaboración dos orzamentos. A aplicación restritiva do artigo 170.2 da Lei de Facendas Locais, esquece en primeiro lugar, que segundo a doutrina maioritaria, a natureza das alegacións na fase de exposición ao público, non reviste natureza impugnatoria, senón que se trata dunha

modalidade de colaboración dos veciños interesados na formación dos orzamentos, dado que o acordo provisional pode ser modificado polo órgano municipal á vista do estudo das alegacións presentadas. É dicir, mentres que non se proceda á aprobación definitiva dos orzamentos, en principio, poderían presentarse todas aquelas propostas, suxestións ou alternativas, segundo a norma que regula os orzamentos.

Por outra banda, a letra b) do mencionado artigo 170.2 non debe interpretarse tampouco no sentido restritivo que reflicte o informe da Directora da área de Facenda, xa que alegación para a doutrina xurídica non é o mesmo que reclamación.

Indica que esa actitude de mudar de criterio, sempre buscando a interpretación da norma máis restritiva para xustificar a non admisión a trámite das alegacións dos veciños, limitando e coartando a participación dos cidadáns, é propia da súa forma de gobernar.

Como proba diso, destaca a presentación por parte do goberno de emendas aos seus propios orzamentos. Sorprende que días despois da aprobación inicial, teñan que emendarse a eles mesmos.

Fai referencia a seguir á emenda que presentan tentando de modificar unha aplicación que pasaría da inicial de mantemento de núcleo urbano a mantemento do termo municipal. E a outra que pasaría de medio rural rebacheo, a medio rural desbroce. Opina que están a deixar claramente en evidencia o contido deses informes económico-financeiros sobre a emisión de crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles na entidade local.

Refírese ás emendas relativas ás aportacións de institucións privadas de asistencia aos necesitados, como a que lle fan ao Albergue Xoán XXIII, que incide novamente na tradicional política do Partido Popular de mudar asistencia social por caridade. Ao respecto di que valoran a increíble e importantísima aportación que estas organizacións caritativas presta a tanta xente nunha situación económica como a actual, pero critican o principio decimonónico de favorecer a caridade en detrimento dos dereitos. Di que o goberno desgraciadamente ten o concepto do século XIX do Exército de Salvación, e non o concepto de dereito social.

Con respecto aos ingresos, di que seguen sen explicar como este orzamento que presentan para a súa aprobación definitiva, amosa unha diminución do 1,6% no capítulo I de ingresos, e do 21,17% no capítulo II de ingresos, mentres nun informe o Ministerio di que se vai incrementar un 2%. Neste sentido pregunta a quen lle están a mentir.

Do mesmo xeito pregunta como poden dicir que baixa o capítulo I, mentres o que plantexan é unha subida nos ingresos polo IBI no 2014 de 3.750.000 euros, que é o que aprobaron no seu plan de axuste.

Incrementan aínda máis, en 150 mil euros as partidas destinadas a estudos e traballos técnicos, deixándoa en 2.173.743,67, a pesar de que a profesionalidade e a capacidade de todos os empregados públicos deste concello podería asumir todo ese traballo, e polo tanto, aforrar moito diñeiro desas partidas.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela cre que se poden facer outros orzamentos e defender outros plantexamentos. É cuestión de ter claras as prioridades. É posible deducir os orzamentos de propaganda, de gastos diversos, de estudos e traballos técnicos que incrementan en máis de 150 mil euros e que eles entenden que se poderían diminuír en 675.150 euros. Cómpre contar e confiar cos excelentes profesionais que constitúen o conxunto de empregados públicos do concello.

Alude tamén a partidas que dilúen no orzamento someténdoa á xeralidade de gastos diversos, o que supón opacidade en partidas importantes tales como servizos sociais, mocidade, educación, centros socioculturais, e normalización lingüística. Todos estes gastos diversos suman máis de 274.000 euros, para unha libre dispoñibilidade, que fai que non se teña a seguridade de execución do gasto nas actividades referidas.

En propaganda orzamentan máis de 356.000 euros. Eles propoñen reducir eses gastos en 179.000 euros. Ademais, propoñen a eliminación de dúas prazas orzamentadas de directivos, unha de director de área de mobilidade e seguridade cidadá, e outra a dirección técnica da área de desenvolvemento urbano sostible, cun aforro para as arcas municipais e para o peto dos veciños de máis 135.000 euros.

Di que con estes 1.356.610 euros, os socialistas propoñen o seguinte:

Incrementar os gastos en políticas sociais, porque sempre pero máis en momentos como o actual, hai que poñer de relieve os compromisos e as prioridades políticas. Para eles a prioridade é incrementar o gasto social e substituír o epígrafe: actividades e outros gastos diversos, polo epígrafe actividades.

Outra prioridade debe ser o incremento de gasto nas políticas de promoción para emprego. A enquisa de poboación activa do último trimestre sitúa en máis de 9.300 veciños e veciñas de Santiago, os que buscan un posto de traballo sen atopalo. É necesaria a implementación en Compostela dun plan municipal de emprego efectivo, e por iso, unha das prioridades do seu orzamento alternativo é a formación para o emprego; dotando o plan de emprego cun incremento de 867.699 euros, ao que habería que lle engadir, un plan de emprego para a recuperación de espazos públicos cunha dotación, a maiores, de máis de 194.000 euros.

Ademais, propoñen un incremento do gasto para promoción económica, comercio e

turismo de máis de 107.000 euros, así como o incremento no gasto para desensolvemento e achega de servizos ao medio rural de máis de 120.000 euros.

Cabe indicar, ademais, que se observa claramente a omisión de crédito para o pago dos gastos financeiros do crédito de seis millóns, que se indica no capítulo IX de ingresos do orzamento de 2014.

Reitera que a libre execución do orzamento, concretamente a base 24, que pretenden aprobar nas bases de execución, permite a autorización e disposición de créditos con anterioridade á entrada en vigor dos expedientes modificativos do orzamento e da aprobación do expediente de incorporación de remanentes; todo iso, baixo a figura dunhas autorizacións e disposicións de crédito condicionadas que eles rexeitan, porque este é precisamente o momento da transparencia e do control.

Indica o Sr. Alcalde que a continuación os grupos da oposición defenderán as súas emendas por un tempo de tres minutos.

Don Rubén Cela destaca que é moi significativo que teñan que autoemendar as súas propias contas aprobadas fai catro semanas. Cre que é significativo de cómo están a funcionar as cousas.

Indica que o principio de anualidade contable segue vixente, polo que non ten moito sentido, dende ningún punto de vista, orzamentar cousas que teñan a certeza hoxe, de que se non van acontecer no exercicio de 2014. Nin dende unha perspectiva contable, nin dende unha perspectiva política é aceptable.

A principal cuestión que plantexan nas súas respostas a estas alegacións é precisamente a confirmación de que a pedra angular do seu orzamento, que era ese préstamo de seis millóns de euros, co que en teoría se financiaría unha parte importante do capítulo I de investimentos, non vai estar dispoñible no exercicio de 2014, e no caso de facerse, sería a 30 de decembro. Iso fai caer como un dominó todas as pezas da proposta de orzamento.

Asisten, polo tanto, a unha nova representación do que veu pasando ao longo destes anos neste pleno. Teñen maioría absoluta e iso lexítimos para facer moitísimas cousas, pero non para todo. Cre que un goberno, con independencia da maioría que teña, ten que ter a sensibilidade e a calidade democrática mínima para saber interpretar as normas. Di que ese artigo 170 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais ten unha escrita indiscutible, pero todas as escritas son interpretables.

Dito artigo interpretouse ata agora neste concello dun xeito determinado, para favorecer que o máximo de alegacións procedentes da veciñanza de Santiago, puidera chegar ao

pleno. Sucede que agora fan a máis restritiva posible, precisamente, para que nin os sindicatos, nin os particulares, nin determinado tipo de empresas, ou entidades de Santiago, poidan alegar ás contas municipais. Opina que iso é un paso para atrás na calidade democrática desta corporación, e dende logo, unha mostra máis, de cómo conciben este tipo de plenos, como un mero trámite onde pasarán o rodillo da súa maioría absoluta, sen necesidade de ter que escoitar ningunha das aportacións que veñen de fóra.

Don Francisco Reyes Santiás reitera a posibilidade de obter crédito para facer de verdade un orzamento que sexa social, un orzamento que sexa de verdade dinámico. Pensa que en atencións protocolarias, propaganda, estudos e traballos técnicos pódense aforrar 889.241 euros. Do que é a partida de gastos diversos, que o que fai é sustentar unha opción de orzamento ópaco, pódense aforrar 331.679 euros; e da eliminación das prazas orzamentarias de designación dixital poderíase aforrar 135.690 euros.

O que se pode facer con iso é incrementar a área de servizos sociais para actividades en cerca de 60 mil euros máis. Pódese incrementar a área de economía, un plan de emprego, entre outros, en máis de 867.699 euros e un plan de emprego para a recuperación de espazos públicos en máis de 194.000 euros, a maiores.

Tamén propoñen, como xa dixo unha emenda para incrementar o gasto para a promoción económica, comercio e turismo, en máis de 107.000 euros. Investimentos en medio rural, incrementados en máis de 129.000 euros.

Quere salientar, ademais, que eles entenden que se omite o crédito necesario para poder facer fronte aos gastos e ás obrigas esixibles e necesarias do concello. Refírese tamén á omisión do crédito para o pago de gastos financeiros, pois non consta esa asignación. Polo tanto, estaríase claramente incumprindo o artigo 170.2 letra c), do mesmo xeito, que se estaría a incumprir, o 170.2 da letra a), xa que non se pode presentar un orzamento, con incumprimento, do seu propio plan de axuste.

Insiste en que se modifique dita base, ou alomenos a base 24, co obxecto de ter uns orzamentos transparentes e de que se poida ter un control por parte da veciñanza a través dos seus representantes na corporación, que son a oposición.

A continuación toma a palabra dona Cecilia Sierra para defender a súa proposta final. Di que entende que xa quedou integrada nos dez primeiros minutos de intervención, pero sinala que quere matizar algunhas cuestións que plantexaron os seus compañeiros.

En primeiro lugar indica que ten a impresión de que nunca tramitaron unha póliza de crédito. Explícalles que nunha póliza de crédito vaise dispoñendo a medida en que se vai necesitando dese crédito e a maior parte das veces, os intereses pasan a devengarse

no último día do ano de disposición. Polo cal, o orzamento dos intereses referidos a eses seis millóns de euros de débeda vaise presupostar no ano 2015. Neste sentido, di que sinte ter que explicar como funciona.

No tocante á estrutura presupostaria expón que precisamente eran as estruturas dos orzamentos anteriores aprobados as que non se adaptaban á lei e o que eles fixeron foi adaptalas, dando continuación ao orzamento en base cero.

A transparencia ten que existir en todo momento, e non só agora. Dilles aos grupos da oposición que eles foron os primeiros en incumprir o criterio de transparencia, coa aprobación do catastrazo, sen pasar nin pola Xunta de Goberno local, nin polo pleno. Pero aínda así falan de transparencia.

O cadro de persoal levouse a mesa de negociación, como sempre, o día vinte de decembro. Verbo das alusións á redución de gasto diverso retruca que o goberno anterior gastou 1 millón de euros no ano 2010 en gastos diversos, mentras que eles gastaron no ano 2012, 300.000 euros; o marxe de maniobra, de flexibilidade necesario para o funcionamento dos servizos, e esa é a realidade. E preguntalles se é que queren deixar o gasto diverso a cero.

Indica que dende o comezo do mandato teñen moi claras as súas prioridades orzamentarias. Dille ao Sr. Reyes Santiás que poden dar consellos políticos, pero non están lexitimados para dar leccións a ninguén sobre contas públicas.

Eles teñen un compromiso escrito en papel a través do seu programa de goberno, un programa electoral que é un programa de goberno, e están orgullosos de dicir que se está a cumprir nestes momentos nun 65%, aproximadamente, pese a que a oposición queira transmitir unha imaxe distorsionada da xestión do concello.

Lémbralles que os cidadáns lles votaron en gran medida por ese motivo, para facer o que eles mesmos nas súas casas, nas súas familias, nos seus traballos, estaban a facer, que é axustar os gastos aos ingresos, e non gastar sen ton nin son, como facía o goberno anterior.

Eles xestionan compromisos e feitos, fronte a débeda excesiva do goberno anterior reducíndoa de setenta a corenta e cinco millóns.

Fronte ao despilfarro por sistema, eles baixaron o gasto diverso nun 65%, moi por encima do 30% marcado no seu programa electoral; reduciron dedicacións exclusivas e asesores, o que suporá un aforro no mandato de máis dun millón e medio de euros, e ademais rebaixas nos soldos do alcalde e dos concelleiros e conxelación sucesiva. Fronte ás subvencións á carta, do goberno anterior, eles apostan polas entidades sociais,

augmentando as axudas en máis dun cento por cento, para contribuír a que realicen un traballo imprescindible para a sociedade nestes momentos, e con máis recursos.

Fronte a orzamentos baseados unicamente no urbanismo, o que provocou un crack urbanístico de ingresos sen precedentes na cidade, eles apostan por diversificación cara a outros sectores produtivos que aporten riqueza, incrementando en case un 43% en promoción económica.

Fronte a continuas subidas de tributos, eles baixaron o tipo do IBI do 0,6 ao 0,57% e conxelaron o resto de prezos e taxas públicas, pasando Santiago no ranking de cidades galegas de ser en tributos por habitante a primeira en 2007, a ser a terceira en 2012. Ademais, o sistema de pago de IBI fraccionado axuda e alivia a situación de moitas familias compostelás.

Fronte ao descontrol de parámetros orzamentarios por culpa dunha pésima xestión anterior, eles aportan eficacia e rigor, que se traducen nun remanente de tesourería que pasa de ser negativo en 2010, por importe de menos 2,6 millóns, a ser positivo en 2012 por máis 1,9 millóns. Ademais, a través do control financeiro se garante a sostibilidade das contas e en consecuencia, o que é máis importante, os servizos públicos básicos.

Fronte a unha falta total de sensibilidade cara á situación dos provedores e acredores do concello, eles reduciron a cifra de pendente de pago en dezaseis millóns de euros, depurando facturas no caixón e reducindo o período medio de pago en 69 días. Agora págase en 74 días e antes facíase a 143 días. Lembra que eles levan pagado a friolera de dezanove millóns herdados do goberno anterior.

Fronte ao incumprimento sistemático dos plans económicos, eles xa cumpriron en 2011 o plan económico-financeiro, e actualmente o plan de axuste está cumprido. Aínda hai cousas por facer e por mellorar e para iso seguirán a traballar intensivamente, como non podería ser doutra forma, porque os cidadáns así llelo piden, votáronlles por ese motivo, llelo esixen e é a súa responsabilidade facelo así.

Don Rubén Cela, di que escomezará polo que ven de dicir a señora Sierra, un titular moi bonito: “o plan de axuste xa está cumprido”. Neste sentido pregúntase que se o plan de axuste está cumprido, non entende porque perduran determinado tipo de recortes sobre todo á plantilla deste concello. Eles entenderon sempre que era innecesario e cre que o tempo lles veu dando a razón, tanto ás demandas lexítimas dos propios traballadores e traballadoras deste concello como a outros ámbitos que non teñen que ver co capítulo I.

Respecto á referencia á imaxe distorsionada que proxectan do concello retruca que a imaxe non distorsionada, a imaxe que chega a sociedade do que pasa neste concello é a imaxe que teñen os cidadáns das accións que se fan por parte do grupo de goberno.

Engade que esa suposta distorsión non ven do traballo dos grupos da oposición, senon que provén precisamente, da forma de actuar e do que fai o actual grupo de goberno.

Di que se como din teñen unha gran sensibilidade con determinados aspectos, por exemplo, servizos sociais, creación de emprego, etc., non entende porque non teñen a ben valorar determinadas propostas que van na liña de mellorar determinado tipo de recursos sociais. O Bloque Nacionalista Galego, fixo unha serie de propostas moi concretas, partidas, por exemplo para habilitar o tema de comedores escolares en períodos non lectivos. En Santiago por desgraza existen nenos e nenas que as comidas quentes que toman son as que poden tomar nos seus centros educativos e cando non hai período lectivo existe un problema. Pensan que é algo onde se podía actuar. Fixeron tamén unha proposta concreta para axudas ao material escolar e aínda así di que é o único concello da comarca que non mantén agora mesmo axudas dese tipo.

Fixeron outra proposta moi concreta con respecto ao tema do transporte público, para poder ter en consideración ás persoas que levan máis tempo en situación de desemprego.

Presentaron unha proposta moi concreta dun Consello para coordinar toda actuación pública e do ámbito das ONGs no ámbito do traballo social, cunha dotación económica á altura das circunstancias, pero nin sequera se valorou.

Pensa que foi unha mágoa que cambiasen o criterio á hora de facer a valoración das alegacións procedentes dos diferentes colectivos sociais, dos diferentes colectivos de representantes dos traballadores e de veciños.

Pensa que esta sesión tería sido máis interesante con independencia de que lexitimamente votasen en contra desas propostas, se hoxe se tivesen debatido as propostas das centrais sindicais, as propostas dos veciños e veciñas de Santiago que quixeron aportar algo de boa fe, para mellorar a proposta de orzamentos. Di que isto revela unha arrogancia terrible, e unha visión e unha forma de analizar as normas que non era a que se viña aplicando neste concello.

Hoxe véñenlles a contar máis do mesmo e remata dicindo que no período de doce meses comprobarán que é a realidade e que é a ficción. Polo tanto, dentro de doce meses falarán de hipotecas e créditos bancarios, falarán do estado de execución dese capítulo VI e das obras que veñen contempladas nel.

O Sr. Reyes Santiás opón que a lexitimación do seu grupo para fiscalizar a acción do goberno déronllela as urnas, os mesmos veciños e veciñas que a eles lles deron a lexitimación para gobernar. É dicir, a lexitimación depende dos veciños e das veciñas, e non do grupo de goberno.

Alude ao absoluto incumprimento do plan de axuste no que fai referencia aos ingresos, e cita por exemplo a previsión de ingresos pola ORA, que non aparece por ningunha parte no orzamento.

Opina que o plan de axuste non era máis que unha coartada para recortar dereitos sociais dos traballadores deste concello, porque o único cumprimento que se ten feito do plan de axuste foi precisamente o recorte en prazas e en dereitos sociais dos empregados públicos deste concello.

Relata que continuamente están a mentir co mesmo. Mentres din que baixaron a débeda, o señor Montoro di que medraron na débeda un 9,5%.

No tocante ao catastrazo, refírese en contraposición, ao catastrazo do goberno do señor Aznar e ao catastrazo do goberno do Sr. Rajoy, que se estende tamén a este ano 2014. Neste sentido, di que xa verán como queda verdadeiramente a baixada que plantexan do IBI. Con respecto, ao tema das facturas, di que supón que tamén incorporou os 400.000 euros que lle deben á empresa Daviña dende que asumiron o goberno.

Verbo do orzamento de gastos, indica que as actividades en servizos sociais, baixan un 27% con respecto aos orzamentos progresistas; publicidade e propaganda, medra un 6,1% con respecto ao ano pasado, pero medra un 38% con respecto aos orzamentos progresistas. Dos investimentos, di que máis dese 50% depende dese crédito ao que se referiu, pero precisa que máis dun 15% se debe precisamente a diñeiro e a achegas que obtivo o anterior goberno progresista para que o actual goberno o poida pagar.

En política de vivenda destaca unha baixa con respecto ao pasado un 15%. Refírese a que a partida para vivenda máis importante, son fondos e gasto de comunidades, o que quere dicir que non teñen política de vivenda, xa que un 13,3% dese orzamento de vivenda, vai para axudas ás familias neste momento.

Recoñece que se superaron os 96 mil habitantes, pero grazas a unha política que fixo o goberno do Sr. Bugallo, e cuxos resultados estanse a ver agora. Di que a promoción do comercio, baixa con respecto ao orzamento do 2011. A importancia que lle dan é o 0,1% do total.

Cultura nunha cidade como é Santiago de Compostela, unha cidade que ten que ser referente cultural, internacional, representa no total do orzamento, 1,31%. Esa é a importancia que este orzamento lle dá.

Xuventude representa o 0,3% do total. Precisa que o capítulo I non baixa un 0,15%, senón que medra un 4,09%. Pero non medra para a maioría dos empregados, senón para

as prazas de designación dixital, que tanto lles gustan.O capítulo II, medra un 10,6%; medra o IPC o 1,5%, a pesar de que o Estado di que só vai ser un 1,3%. Remata dicindo que con esta situación é difícil pedirlle á oposición que apoie os orzamentos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e opón que orzamentos progresistas son os do goberno anterior, que deixou setenta millóns de débeda a entidades financeiras e 24 a provedores. Eses son os orzamentos progresistas, os que arruinaron este concello. Neste sentido pídelles ao Sr. Reyes que teña un pouco de vergoña.

Respecto da política de vivenda, opón que a política de vivenda era a do Sr. Bugallo que construíu en dez anos 10 mil vivendas e sete mil están baleiras. O que é máis grave é que o censo do concello aumentou en 900 persoas, esa é a política de vivenda.

Respecto á cultura indícalles ao Sr. Reyes que cando se aprobaron os orzamentos do Auditorio de Galicia faltaban por incluír as partidas da Deputación da Coruña, porque non tiñan aprobados os orzamentos. Por iso espera que se informe mellor. Comprende que é unha persoa moi atarefada que está en Vigo parte da semana e a Santiago non lle adica moito tempo, pero cre que coa súa dedicación exclusiva cómpre dedicarse máis a Santiago.

O grupo do PSdeG-PSOE pide que urbanismo: estudos e traballos técnicos baixe 415 mil euros; para medio ambiente pide que baixe 20 mil euros, para medio rural pide que baixe 30.000 euros a redacción de estudos e despois resulta que pide que aumente a partida para medio rural, ou para a brigada de vías e obras. Para emigración e inmigración piden baixar 32 mil euros. Di que iso é o que lles importa a inmigración e a emigración.

Tamén pide que baixen o orzamento para servizos sociais e educación. Para urbanismo, pide que baixen novamente 120 mil euros, outra partida máis que baixa, e para sanidade 14 mil euros, ou por exemplo para o casco histórico, que tanto defenden, piden que baixe 13 mil euros.

Respecto a publicidade e propaganda, di que este goberno baixou practicamente a terceira parte, non como facía o goberno anterior que editaba revistas e publicacións continuamente, moitas na imprenta Ibérica. Di que en publicidade e propaganda non gastan o que gastaba o goberno anterior.

Retruca que cualificar como favorecer a caridade o que están a facer é lamentable. Incrementaron as axudas ás entidades sociais, nun 100%, porque esas entidades sociais están nestes momentos a facer un papel fundamental fronte ás familias que están en situación de crise.

Ao Sr. Cela pregúntalle como poden dicir que a cidade está sucia cando son eles mesmos os que empapelan as marquesiñas, papeleiras, etc., con carteis do Bloque.

Relata que o BNG pide que baixe a aportación ao comercio nun momento en crise, as actividades ao 50%. Tamén en centros socioculturais e que en promoción turística baixe un millón de euros.

Sorpréndelle tamén que pidan becas de comedor cando se negaron no goberno bipartito a xestionar os comedores escolares. Refírese tamén a que as familias tiñan que pagar seis, sete e oito euros, e agora pagan tres.

Rematado o debate, sométese en primeiro lugar a votación a emenda presentada polo grupo municipal do BNG que queda rexeitada por 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

A continuación sometida a votación a emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE que queda rexeitada por 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

Finalmente, de conformidade cos informes relacionados anteriormente e co Ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a súa reunión do día 25 de febreiro de 2014, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 11 votos en contra correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, acorda aprobar a proposta da concelleira delegada de facenda de 20 de febreiro de 2014, anteriormente transcrita sobre resolución de alegacións e aprobación definitiva do orzamento xeral e cadro de persoal de 2014.

Remata a sesión cando son as dez horas e cinco minutos. Dou fe.